

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**3946** *Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19.*

I

A epidemia da COVID-19 provocou unha redución significativa dos ingresos de moitas empresas non financeiras (en diante, empresas) e autónomos. Co fin de protexer o tecido produtivo e evitar un impacto estrutural sobre a economía, en liña co resto de países europeos, o Estado despregou diferentes paquetes de medidas para apoiar as empresas e os autónomos. En primeiro lugar, proporcionoulles liquidez mediante créditos con aval público e moratorias nas súas principais débedas fiscais, de devolución de créditos e de pagamento de cotizacións. En segundo lugar, con accións para reducir os seus custos fixos e variables, mediante axudas directas para o pagamento dos salarios e as cotizacións sociais dos seus traballadores, así como diversas medidas de alivio no pagamento de alugueiros. En terceiro lugar, proporcionoulles ingresos mediante unha prestación extraordinaria para os traballadores autónomos e a través das transferencias de recursos ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para que puidesen atender os gastos extraordinarios no ámbito sanitario e educativo e proporcionar axudas directas ás empresas máis afectadas polas decisións sanitarias tomadas no seu ámbito territorial.

En particular, unha parte importante das axudas destináronse a preservar a liquidez e a solvencia de empresas e autónomos. Neste sentido destacan as liñas de avais concedidas polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a través do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego. Estes avais, por un total de 140.000 millóns de euros, permitiron mobilizar xa máis de 120.000 millóns de euros de crédito ao conxunto da economía, facilitando o financiamento necesario para facer fronte á pandemia, especialmente ás pequenas e medianas empresas e autónomos, que absorberon máis do 98 % das operacións financiadas con aval do Estado.

Estas medidas de apoio á liquidez completáronse coa creación, mediante o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas, dotado con 10.000 millóns de euros e que, xestionado a través da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), permite reforzar os balances de empresas estratéxicas para o tecido produtivo español e rexional que sexan fundamentalmente viables pero que afronten problemas extraordinarios de solvencia como consecuencia da COVID-19 e non teñan acceso a outras fontes de financiamento.

Nesta mesma liña, o Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, ampliou os períodos de carencia e vencemento dos préstamos con aval público. E o Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego, estendeu a cobertura pública extraordinaria aos expedientes de regulación temporal de emprego até o 31 de maio, cun esquema de protección reforzada para os sectores máis afectados pola terceira onda da pandemia, que recolle bonificacións á Seguridade Social para todos os traballadores, incorporados ou non ao centro de traballo, así como a extensión do réxime de cobertura para traballadores fixos-descontínuos, especialmente importante no ámbito do turismo.

No seu conxunto, as axudas acordadas ascenderon en 2020 a un 20 % do PIB, entre moratorias bancarias, fiscais e da Seguridade Social, liñas de avais públicos, subvencións directas e outro tipo de medidas. As medidas discrecionais de resposta á COVID-19 con

impacto orzamentario xa previstas para 2021 superan o 2 % do PIB. A elas súmanse as moratorias vixentes para o pagamento de impostos e cotizacións e outras moratorias para a devolución dos créditos públicos, créditos hipotecarios e non hipotecarios con entidades financeiras e outras medidas de alivio de custos.

Con isto, España sitúase entre os países no conxunto da Unión Europea que maiores axudas puxeron á disposición dos seus cidadáns e cunha maior execución efectiva e efectos compensatorios do impacto negativo da pandemia en termos de protección de emprego, reactivación empresarial e liquidez do conxunto da economía, protexendo así a estabilidade financeira e establecendo unha base para a recuperación económica.

Non obstante, despois de tantos meses de pandemia, o alongamento da crise sanitaria no primeiro trimestre de 2021 e os efectos na economía das medidas tomadas para frear a súa expansión en todo o mundo aumentan o risco dunha deterioración significativa dos balances das empresas e un aumento do sobreendebedamento que podería lastrar a recuperación e a creación de emprego a partir da segunda parte do ano.

Co fin de responder de maneira anticipada a posibles problemas de solvencia con impacto macroeconómico, cómpre adoptar medidas adicionais de reforzo da solvencia daquelas empresas viables que están sufrindo unha intensa caída dos seus ingresos debido á longa duración da redución de actividade en determinados sectores e ámbitos xeográficos máis afectados pola pandemia. Na maioría de casos, as empresas que se están enfrontando con problemas de deterioración patrimonial xestionan negocios economicamente viables en sectores altamente rendibles antes da pandemia.

O obxectivo do presente real decreto lei é, pois, múltiple: protexer o tecido produtivo até que se logre unha porcentaxe de vacinación que permita recuperar a confianza e a actividade económica nos sectores que aínda teñen restricións; evitar un impacto negativo estrutural que lastre a recuperación da economía española; protexer o emprego nos sectores máis afectados pola pandemia, e actuar de forma preventiva para evitar un impacto negativo superior sobre as finanzas públicas e os balances do sistema financeiro. En liña coa actuación do Estado desde o inicio da pandemia, trátase de establecer con urxencia e determinación un marco de actuación áxil, que se anticipe á aparición dos problemas para minimizar o custo público e privado dunha acción reactiva.

Neste contexto, este real decreto lei outorga un marco de protección reforzado que, máis alá das medidas de carácter horizontal xa despregadas, concentre un importante volume de recursos en protexer e apoiar aquelas empresas, sectores e territorios potencialmente máis vulnerables debido á duración e o impacto económico da pandemia, co fin de reforzar a liquidez e solvencia e evitar o sobreendebedamento do conxunto da economía nacional, preservando, así, o tecido produtivo e o emprego, impulsando o investimento e evitando unha improdutivo destrución de valor da actividade económica en España, sen por isto impedir a necesaria reasignación de recursos entre as distintas empresas e sectores nos próximos meses.

Non se trata, por tanto, de medidas de rescate de empresas que non eran viables antes do estalido da crise da COVID-19, senón dunha forma de investimento en favor da recuperación e crecemento daquelas empresas que, malia atravesaren dificultades financeiras, resultan viables por dispor dun plan a medio prazo factible e un modelo de negocio idóneo.

A actuación proposta de política pública extraordinaria e acoutada no tempo, pero ao mesmo tempo estruturada con criterios de rendibilidade, risco e impacto en desenvolvemento sustentable, contribuirá a asegurar os postos de traballo, manter e potenciar o tecido produtivo e fomentar a competitividade da economía española.

Así, artículase un conxunto de medidas para mobilizar un investimento público de até 11.000 millóns de euros arredor de catro liñas de actuación: tres fondos adicionais para financiar axudas directas, restructuración de balances e recapitalización de empresas e a prórroga de moratorias fiscais e concursais.

En primeiro lugar, créase unha nova Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas, para reducir o endededamento subscrito a partir de marzo de 2020. Con cargo a esta liña, que contará cunha dotación total de 7.000 millóns de euros, canalizaranse

axudas directas ás empresas e autónomos cuxa actividade se viu máis negativamente afectada pola pandemia. Estas axudas directas terán carácter finalista e empregaranse para satisfacer a débeda e realizar pagamentos a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como os custos fixos, por exemplo, relativos á subministración de enerxía e ao custo de cambio de potencia, en que incorresen os autónomos e empresas considerados elixibles, primando a redución do nominal da débeda con aval público, sempre e cando estas débedas se devindicasen a partir do 1 de marzo de 2020 e procedan de contratos anteriores á entrada en vigor deste real decreto lei.

En segundo lugar, esta norma habilita o Goberno para adoptar medidas adicionais de flexibilización dos préstamos dotados con aval público e permite así que este financiamento se incorpore aos procesos de refinanciamento e reestruturación pactados entre os bancos e os seus clientes e, polo tanto, protexe a estabilidade financeira. Para isto, créase unha segunda Liña para a reestruturación de débeda financeira COVID, de 3.000 millóns de euros, para permitir, como último recurso tras a articulación do resto de medidas de apoio á solvencia, a conversión de parte do aval público en transferencias ás empresas e autónomos máis afectados pola crise que cumpran cos requisitos establecidos polo Acordo do Consello de Ministros, dentro dun acordo alcanzado coas entidades financeiras acreedoras.

Así mesmo, co fin de detallar a articulación das operacións de refinanciamento e reestruturación do financiamento con aval do sector público e adaptalas ás necesidades das diferentes empresas e sectores, mediante acordo do Consello de Ministros desenvolverase o contido do Código de boas prácticas, que poderá ser subscrito polas entidades financeiras para facilitar unha adecuada resposta do sector financeiro ante a excepcional situación económica, para reforzar a solvencia empresarial e garantir a liquidez de cara ao futuro. A actuación coordinada do conxunto de acredores é fundamental para evitar accións unilaterais que poidan ir en contra do obxectivo de garantir a viabilidade futura da empresa ou traballador autónomo.

En terceiro lugar, para apoiar aquelas empresas viables pero que se enfrontan a problemas de solvencia derivados da COVID-19 e que non poden acceder ao fondo xestionado pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) para empresas e operacións de maior tamaño e necesiten un reforzo adicional do seu capital tras a articulación das medidas previstas nos números anteriores, créase un novo Fondo de Recapitalización de Empresas afectadas pola COVID, dotado con 1.000 millóns de euros, que será xestionado por Cofides, adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Secretaría de Estado de Comercio.

Por último, en cuarto lugar, esténdense até finais de ano as moratorias para o desencadeamento automático de procesos concursais, co fin de dotar dunha marxe de tempo adicional para que as empresas que están pasando por maiores dificultades como consecuencia da pandemia poidan restablecer o seu equilibrio patrimonial e evitar unha innecesaria entrada en concurso. Ademais, mantéñense as melloras de axilidade no proceso concursal, mentres se completa a modernización do réxime concursal español no marco da transposición da Directiva (UE) 2019/1023 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, sobre marcos de reestruturación preventiva, exoneración de débedas e inhabilitacións, e sobre medidas para aumentar a eficiencia dos procedementos de reestruturación, insolvencia e exoneración de débedas, e pola que se modifica a Directiva (UE) 2017/1132 (Directiva sobre reestruturación e insolvencia).

Nesta mesma liña, amplíase a catro meses o aprazamento de débedas tributarias sen xuros e amplíanse os prazos para a devolución dos créditos públicos xestionados pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

As medidas de axuda directa recollidas en primeiro lugar serán suficientes para resolver os problemas de solvencia dun bo número de empresas e autónomos e apoiar o mantemento da actividade das empresas viables. As medidas de reestruturación poden ser necesarias noutros casos para abordar problemas puntuais de solvencia de maior entidade. O conxunto de instrumentos articulados para reforzar a solvencia empresarial complétase coa creación do novo fondo para recapitalización. A moratoria concursal

proporcionará o marco adecuado para abordar o proceso de análise e reforzo dos balances e de reestruturación financeira, no curso de 2021, en paralelo coa modernización do marco concursal con ocasión da transposición da correspondente directiva. Desta maneira, o conxunto de medidas recollidas no real decreto lei permitirá apoiar as empresas con problemas de solvencia desde as situacións máis leves até as máis severas, sempre co obxectivo de apoiar o mantemento da actividade e o emprego.

## II

O título I deste real decreto lei prevé a creación da Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas, que persegue apoiar a solvencia do sector privado, mediante a provisión ás empresas e autónomos de axudas directas de carácter finalista que permitan o pagamento de custos fixos, por exemplo, relativos á subministración de enerxía e aos cambios nas pautas de consumo e de potencia demandada, o pagamento a provedores, a redución das débedas derivada da actividade económica e, en caso de quedar remanente, débedas con acredores bancarios.

A liña conta cunha dotación total de 7.000 millóns de euros e articúlase en dous compartimentos. Un primeiro compartimento, cunha dotación de 5.000 millóns de euros, para todas as comunidades autónomas, salvo Baleares e Canarias, e para as cidades de Ceuta e Melilla; e un segundo compartimento, cunha dotación de 2.000 millóns de euros, para as comunidades autónomas de Baleares e Canarias.

A contía que lles corresponderá ás comunidades autónomas do primeiro compartimento distribuirase de maneira proporcional á asignación do React EU, con base en indicadores de renda, de desemprego e de desemprego xuvenil. No caso do segundo compartimento, repartirase de forma proporcional ao peso de cada comunidade autónoma na caída en 2020 dos afiliados en termos netos.

Pola súa parte, as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla realizarán as correspondentes convocatorias para a concesión das axudas directas aos destinatarios localizados nos seus territorios. Así mesmo, encargaranse da tramitación, xestión e resolución das solicitudes, do aboamento das axudas e dos controis previos e posteriores ao pagamento.

Desta forma, os autónomos e empresas con sede social en territorio español, cuxo volume de operacións anual en 2020 caese, como mínimo, un 30 % con respecto a 2019 e cuxa actividade estea incluída nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE 09– previstos no anexo I deste real decreto lei, poderán ter acceso a axudas directas que permitan satisfacer as súas obrigacións de débeda e pagamentos a provedores, acredores financeiros e non financeiros, así como os custos fixos en que incorresen, sempre e cando estas obrigacións se xerasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 e procedan de contratos anteriores á data de entrada en vigor deste real decreto lei. Establécense os criterios para determinar as contías máximas das axudas directas e modúlanse en función da caída do volume de operacións entre 2019 e 2020.

Todo isto producirá un efecto dinamizador sobre o conxunto do tecido económico español. Non só se mellorará a posición financeira dos autónomos e empresas que obteñan as axudas directas senón que, ademais, ao saldar as posicións acreedoras cos seus provedores, o conxunto da economía resultará claramente beneficiada por esta medida.

O seguimento e control da correcta utilización das axudas directas por parte dos destinatarios finais corresponde, igualmente, ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

Estas axudas estarán en todo caso suxeitas ao compromiso de mantemento de actividade das empresas e non repartición de dividendos, co fin de garantir que levan efectivamente a un reforzo da solvencia e a unha maior capacidade de produción e emprego no contexto da recuperación económica.

O título II deste real decreto lei contén unha batería de ferramentas para acompañar os procesos de reestruturación acordados polos acredores financeiros dos créditos con

aval público para as empresas e autónomos que o necesiten. O obxectivo, por tanto, é concentrar o esforzo orzamentario derivado das medidas nas empresas viables que están sufrindo unha deterioración transitoria dos seus indicadores de solvencia como consecuencia da intensidade e duración da caída de actividade extraordinaria xerada pola pandemia.

Trátase de medidas complementarias ás adoptadas até a data, como as liñas de avais canalizadas a través do Instituto de Crédito Oficial (ICO) e a Compañía Española de Seguros de Crédito a la Exportación (CESCE) ou o reforzo da actividade da Compañía Española de Reafianzamiento, S.A. (CERSA). Así, fronte ao carácter xeral dos avais para todas aquelas empresas e autónomos que cumprisen cuns requisitos mínimos de saúde financeira, neste caso o ámbito de aplicación subxectivo das medidas quedará restrinxido a aqueles supostos de empresas que realmente requiran de medidas adicionais relacionadas co seu financiamento avalado para garantir a solvencia do negocio viable que se viu deteriorado como consecuencia da COVID-19. Por tanto, as medidas de solvencia recollidas neste título do real decreto lei son de carácter selectivo, tanto pola súa finalidade –aliviar a carga financeira de empresas viables con problemas puntuais de solvencia– como polo seu ámbito de aplicación –limitado a empresas e autónomos que o necesiten e que, grazas a estas medidas de apoio público sobre os seus préstamos avalados, poidan ver a súa solvencia restaurada–.

As características das empresas e autónomos elixibles para as medidas determinaranse mediante desenvolvemento normativo posterior a través de acordo do Consello de Ministros. En calquera caso, para a súa elixibilidade, será necesario que a empresa ou autónomo, nos casos en que lle sexa aplicable e sempre que o prazo de solicitude estea vixente, solicítase previamente as medidas de ampliación de prazos e carencias, recollidas no Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro.

As medidas contidas no título II deste real decreto lei articulan tres niveis de posible actuación arredor do financiamento avalado, para reforzar a solvencia empresarial. Un primeiro nivel é a posibilidade de extensión do prazo de vencemento dos préstamos concedidos con aval público a partir do 17 de marzo de 2020, máis alá do realizado en aplicación do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro. Para aquelas empresas para as cales a extensión adicional do vencemento dos préstamos con aval público non sexa suficiente, preséntase como medida de segundo nivel a posibilidade de converter estes préstamos en préstamos participativos, mantendo a cobertura do aval público. A través desta medida, os recursos propios das empresas beneficiarias veranse reforzados, ao teren os préstamos participativos un tratamento equivalente ao capital para efectos mercantís. Finalmente, este conxunto de ferramentas financeiras veríase completado por unha medida de último recurso, de carácter excepcional, consistente na realización de transferencias a autónomos e empresas para a redución do principal do financiamento avalado contraído durante a pandemia.

Estas axudas financiaranse con cargo a unha nova liña para a reestruturación de débeda financeira COVID, dotada cun máximo de 3.000 millóns de euros. Estas transferencias só poderán realizarse a favor das empresas e autónomos que cumpran cos requisitos de elixibilidade fixados por acordo do Consello de Ministros e dentro dun proceso de renegociación de débedas acordado previamente coas entidades financeiras acreedoras. Polo tanto, dentro deste proceso de renegociación, as entidades financeiras acreedoras asumirán a parte que lles corresponde da redución do principal pendente do préstamo.

Así mesmo, o referido Acordo do Consello de Ministros conterá as características do Código de boas prácticas creado mediante este real decreto lei, de adhesión voluntaria para as entidades de crédito ou de calquera outra entidade que concedese financiamento dotado de aval público. As condicións contidas neste código velarán pola implicación do sector financeiro no apoio ás empresas viables con problemas puntuais de sobreendebemento e o bo uso dos recursos públicos. Ademais, este código recollerá os criterios de coordinación entre as entidades a el adheridas na aplicación de medidas de apoio ás empresas e autónomos considerados elixibles, elemento fundamental para evitar

accións unilaterais que poidan ir en contra ou pór en risco o obxectivo de reforzar a viabilidade da empresa ou traballador autónomo correspondente.

O título II do real decreto lei recolle, ademais, o detalle do procedemento de recuperación dos avais liberados ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 25/2020, do 3 de xullo, e que, eventualmente, pasen a ser executados. Os acordos do Consello de Ministros que foron autorizando a mobilización dos diferentes tramos das respectivas liñas de avais determinaron a porcentaxe máxima de aval concedido en cada operación. Así mesmo, estes acordos incorporan a cláusula *pari passu*, que determina que en caso de que se produzan perdas como consecuencia do impagamento das operacións avaladas, dando lugar a unha execución do aval, o Estado e as entidades financeiras asumiran de maneira proporcional ao nivel de cobertura do aval.

A Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, contén un réxime xurídico, de carácter supletorio, aplicable aos avais outorgados polo Estado. Tal réxime é de aplicación salvo que a lei autorizante dos avais recolla expresamente outro réxime distinto. En particular, o 116 bis, en conexión co 10.1 da citada lei, consagran un réxime de autotutela administrativa para a cobranza das cantidades a que teña dereito a Administración xeral do Estado atribuíndo o sistema de prerrogativas establecido para os tributos.

Do dito réxime habería que concluír que, en caso de execución do impagamento, o Estado debería iniciar as accións de recuperación do importe avalado e satisfeito á entidade financeira. Isto traduciríase na asunción polos servizos do Estado dos procedementos tendentes á dita recuperación, seguindo o procedemento administrativo. Ao mesmo tempo, a entidade financeira seguiría os seus propios procedementos, previstos nos ordenamentos xurídicos civil e mercantil.

A superposición de ambos os procedementos podería chegar a resultar disfuncional, especialmente cando o importe recuperado debe compartirse entre ambos os acredores en función da mencionada cláusula *pari passu*.

En tales circunstancias, e no marco da excepcionalidade da situación, considérase conveniente facer decaer a aplicación do réxime e procedementos de recuperación e cobranza dos avais executados previstos con carácter supletorio na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e encomendar os procedementos de recuperación ás entidades financeiras concedentes. Todo isto sen prexuízo dos procedementos de control e xestión que poidan implementarse para previr a existencia de conflitos de interese.

Por último, en aplicación do xa previsto no Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, para as subrogacións do fiador na posición do acredor afianzado clarifícase o rango de prelación e privilexio dos créditos que puidese ter o Estado no caso de execucións de avais outorgados.

### III

No título III deste real decreto lei créase o «Fondo de recapitalización de empresas afectadas pola COVID», fondo carente de personalidade xurídica, cuxa definición se concretará mediante acordo do Consello de Ministros.

En efecto, este fondo, dotado con 1.000 millóns de euros, enfócase en complementar o fondo xestionado pola SEPI para a recapitalización de empresas estratéxicas, de maior tamaño, mediante o fortalecemento e recuperación áxil e eficaz da solvencia daquelas empresas de mediano tamaño que, sendo viables a medio e longo prazo, se están vendo afectadas polos efectos da pandemia nos seus balances e nos seus mercados.

O Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID disporá de distintos instrumentos financeiros de endebedamento, capital e case capital para apoiar as empresas, buscando un equilibrio entre o risco, o rendemento e a utilización dos recursos públicos para apoiar proxectos viables. Así mesmo, as operacións levarán aparellados instrumentos para a participación do Estado nos beneficios futuros das empresas, así como unha estratexia de saída debido á natureza temporal do Fondo, fixada en 8 anos.

A xestión do Fondo corresponderá á sociedade mercantil estatal Compañía Española de Financiación del Desarrollo, Cofides, S.A., S.M.E. Trátase dunha sociedade anónima

mercantil estatal con participación público-privada e máis de 20 anos de experiencia na xestión doutros fondos do Estado, tamén carentes de personalidade xurídica.

Por outra parte, para adecuar os programas de financiamento que xestiona o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo á actual situación económica derivada da pandemia no referente a prazos de execución e xustificación de investimentos e o refinanciamento dos préstamos, recupéranse unha serie de medidas que se aprobaron en 2020 para apoiar as empresas e respecto das cales, dado o seu próximo prazo de vencemento, se considera a súa prórroga ou mellora.

Así, co obxectivo de reforzar a solvencia das empresas, facilitándolles unha maior flexibilidade para o cumprimento dos proxectos subvencionados, a disposición adicional primeira permite, por instancia do beneficiario e de forma extraordinaria, a ampliación dos prazos de execución e xustificación de proxectos industriais beneficiarios de axudas ou financiamento da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa que xa fosen obxecto de prórroga do prazo de execución con anterioridade, sempre que se aleguen circunstancias sobrevidas directamente vinculadas aos estados de alarma derivados da crise da COVID-19.

Perséguese, así, evitar incumprimentos atribuíbles a estas causas sobrevidas como consecuencia da crise derivada da pandemia, cun mecanismo similar á ampliación que xa se introduciu durante a vixencia do primeiro estado de alarma mediante o artigo 54 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19. Así mesmo, a disposición derradeira cuarta modifica o artigo 39 do citado real decreto lei, que introduciu a posibilidade de refinanciar os préstamos da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, para incluír modificacións técnicas baseadas na experiencia adquirida na xestión do refinanciamento habilitado por ese artigo.

Por outro lado, o Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, no seu artigo 41, suspendeu por un ano o pagamento de xuros e amortizacións correspondentes a préstamos Emprendetur, do 2 de abril de 2020 ao 2 de abril de 2021. O programa Emprendetur tivo lugar de 2012 a 2016 e moitos dos seus préstamos tiñan pendente aínda en 2020 a súa última cota de amortización, polo que, en prol de evitar a declaración concursal, se decidiu prorrogar un ano o pagamento á vista da paralización do sector turístico. Tendo en conta o impacto que tiveron no sector turístico as medidas de contención ditadas ao abeiro do segundo estado de alarma, a disposición adicional segunda do presente real decreto lei amplía durante un ano adicional a suspensión do pagamento de xuros e amortizacións correspondentes a eses préstamos.

#### IV

Mediante a disposición derradeira quinta, modifícase a letra j) do número 2 da disposición derogatoria única do Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, coa finalidade de manter o privilexio especial en caso de concurso do emisor do cal tradicionalmente eran beneficiarios os tedores de cédulas e bonos de internacionalización.

Este privilexio ten un valor en termos de *rating* e, por tanto, no prezo de colocación e cotización das cédulas e bonos de internacionalización. Tradicionalmente, as cédulas e bonos de internacionalización dalgunhas entidades grandes gozan da máis elevada cualificación crediticia posible, e están mesmo algúns chanzos por encima da cualificación da propia entidade.

É conveniente asegurar que as cédulas e bonos de internacionalización son beneficiarios do privilexio que se estableceu no momento da súa emisión. As cédulas de internacionalización son un instrumento de financiamento emitido polas entidades de crédito que ten como conxunto de activos de cobertura créditos á exportación garantidos por axencias de crédito á exportación. Este tipo de instrumentos financeiros goza dunha alta cualificación crediticia, con certa frecuencia mellor que a da entidade que os emite, e son descontables ante o Banco Central Europeo. A normativa concursal concedeulles sempre un privilexio especial fronte a outros acredores en caso de concurso, ao igual que

ás cédulas hipotecarias. Non obstante, de maneira non intencionada, o Real decreto legislativo 1/2020, do 5 de maio, eliminou a disposición que concedía este privilexio. Calquera demora no recoñecemento deste privilexio especial podería supor unha paralización temporal no mercado de colocación deste tipo de instrumentos, co custo que isto podería ter para as entidades emisoras de cédulas e bonos de internacionalización.

Por outro lado, a disposición derradeira sétima leva a cabo unha modificación da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, para ampliar a vixencia dalgunhas das medidas desta lei no ámbito concursal.

Esta lei adoptou unha serie de medidas que evitaron a declaración automática de concurso ou a apertura da fase de liquidación respecto de empresas, profesionais e autónomos que, con carácter previo á crise sanitaria da COVID-19, eran viables e mantiñan ao día o pagamento das súas obrigacións derivadas dun convenio, dun acordo extraxudicial de pagamentos ou un acordo de refinanciamento, evitando así un posible efecto en cadea, co conseguinte impacto negativo sobre o conxunto da economía.

O mantemento no tempo da situación xerada pola pandemia fai imperioso que estas empresas, que serían viables en condicións normais de mercado (valor en funcionamento superior ao valor de liquidación), conten con instrumentos legais que lles permitan continuar coa súa actividade ou, se for o caso, negociar cos acredores, de forma que continúen no mercado, mantendo o emprego, unha vez superada a situación.

Co obxecto de reforzar a continuidade e solvencia do conxunto do sistema económico e garantir a estabilidade financeira durante o período de reestruturación ou renegociación das condicións financeiras das empresas naqueles sectores máis afectados pola pandemia, amplíase a vixencia dalgunhas destas medidas extraordinarias relativas ao ámbito concursal, en canto se produce a modernización do sistema no marco da transposición da directiva correspondente. O obxectivo último é axudar a que as empresas poidan reequilibrar a súa posición financeira, contando cos instrumentos previstos no presente real decreto lei, mediante o reforzo dos seus balances, o refinanciamento ou reestruturación da súa débeda, e evitar así unha situación innecesaria de insolvencia, sen por isto impedir a necesaria reasignación de recursos entre as distintas empresas ou sectores, así como a posta en marcha de procedementos concursais, modificacións de convenios, renegociacións ou reestruturacións daquelas empresas cuxa viabilidade non poida ser restaurada mediante as diferentes medidas de apoio á solvencia despregadas.

Así, en primeiro lugar, como acompañamento das medidas incluídas neste real decreto lei, amplíase até o 31 de decembro de 2021 a exención do deber do debedor que se encontre en estado de insolvencia de solicitar a declaración de concurso e a non admisión a trámite das solicitudes de concurso necesario que presenten os acredores. Aclárase, tamén, que o prazo de dous meses de que dispón o debedor para solicitar a declaración de concurso voluntario debe computarse a partir da data de finalización do prazo de suspensión do citado deber.

En segundo lugar, adóptase unha serie de medidas tendentes a facilitar e fomentar que as empresas, profesionais e autónomos que se encontren en dificultades para cumprir cun convenio, un acordo extraxudicial de pagamentos ou un acordo de refinanciamento homologado poidan presentar unha modificación del.

Respecto destes debedores, por un lado, aprázase o deber de solicitar a apertura da fase de liquidación cando, durante a vixencia do convenio, o debedor coñeza a imposibilidade de cumprir os pagamentos comprometidos e as obrigacións contraídas con posterioridade á aprobación daquel, sempre que o debedor presente unha proposta de modificación do convenio e esta se admita a trámite dentro dun determinado prazo.

Por outro lado, facilítase a modificación do convenio, do acordo extraxudicial de pagamentos ou do acordo de refinanciamento homologado. Respecto destes últimos permítese que, até o 31 de decembro de 2021, o debedor presente unha modificación do acordo en vigor ou presente un novo, sen necesidade de que transcorra un ano desde a súa homologación, fomentando así a negociación e os acordos de refinanciamento cos acredores. Esta posibilidade de renegociar os acordos de refinanciamento sen necesidade



de que transcorrese un ano desde a súa homologación estaba xa vixente para todos aqueles acordos homologados até o 14 de marzo de 2021 calquera que fose a data da súa homologación.

Ademais, en caso de que un acredor presente unha solicitude de declaración de incumprimento de acordo de refinanciamento, de convenio ou de acordo extraxudicial de pagamentos, prevese a súa inadmisión a trámite, e dáse un prazo para a renegociación dun novo acordo ou convenio. Este réxime, que se encontraba vixente para as solicitudes de incumprimento presentadas até o 31 de xaneiro de 2021, aplícase para novas empresas, profesionais e autónomos, desde esa data e até o 30 de setembro de 2021. Durante este prazo os xulgados inadmitirán a trámite as declaracións de incumprimento presentadas polos acredores durante o citado período co obxecto de que produza a renegociación.

Por último, establécese unha serie de normas de axilización do proceso concursal, como a tramitación preferente de determinadas actuacións tendentes á protección dos dereitos dos traballadores, a manter a continuidade da empresa e a conservar o valor de bens e dereitos, así como a simplificación de determinados actos e incidentes como as poxas de bens, para facilitar o funcionamento dos xulgados do mercantil e de primeira instancia. Así mesmo, flexibilízanse os incidentes de reintegración da masa activa para facilitar o peche da fase común e modifícase o modo de alleamento da masa activa na fase de liquidación, co obxectivo, en ambos os casos, de evitar que os bens perdan o seu valor polo atraso na tramitación do concurso e de facilitar a satisfacción dos seus créditos aos acredores, evitando, na medida do posible, insolvencias derivadas.

## V

A disposición derradeira sexta modifica o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, para aclarar que o Tesouro Público percibe as retribucións pola participación no órgano de administración das empresas solicitantes do Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas cando esta corresponda a un empregado público, de forma que poderán percibirse persoalmente as retribucións correspondentes cando os designados polo Consello Xestor do Fondo, atendendo ás razóns técnicas e profesionais que correspondan en cada caso, non teñan a condición de empregados públicos.

## VI

O Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, ampliou para o ano 2021 algunhas das medidas contidas no capítulo V do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

A presente norma considerou imprescindible que todas as sociedades de capital reguladas no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, e o resto de persoas xurídicas de dereito privado (sociedades civís, sociedades cooperativas e asociacións) que non puidesen modificar os seus estatutos sociais para permitir a celebración da xunta xeral ou asembleas de asociados ou de socios por medios telemáticos, poidan seguir utilizando estes medios durante o exercicio 2021, e garantir, así, os dereitos dos asociados ou socios minoritarios que non puidesen desprazarse fisicamente até o lugar de celebración da xunta ou a asemblea.

Os mesmos motivos xustifican que agora se resolva calquera dúbida sobre a posibilidade de celebrar durante o ano 2021 xuntas exclusivamente telemáticas, coas mesmas garantías que se exixiron para a utilización destes medios durante a vixencia do Real decreto lei 8/2020, tal e como se recolle na disposición derradeira oitava.

## VII

A disposición derradeira segunda reforza o marco legal de protección dos cidadáns e investidores no relativo á publicidade de novos instrumentos e activos financeiros no ámbito dixital.

Os criptoactivos –entendidos como representacións dixitais de valor ou dereitos que poden transferirse e almacenarse electronicamente, mediante a tecnoloxía de rexistros distribuídos ou outra similar– teñen cada vez máis presenza no noso sistema financeiro, sen que exista aínda un marco regulatorio específico apropiado a nivel europeo.

Hoxe en día, estas tecnoloxías presentan algúns riscos. En primeiro lugar, permiten a realización de operacións de forma anónima, o que facilita o seu uso para fins ilegais. En segundo lugar, a adecuada custodia das claves asociadas aos criptoactivos dos clientes resulta crucial para a prestación de servizos sobre estes activos e para a protección dos clientes. En terceiro lugar, estanse ofrecendo cada vez máis frecuentemente como obxecto de investimento, tanto a investidores especializados como ao público en xeral.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) e o Banco de España publicaron o 9 de febreiro de 2021 un comunicado conxunto, que se suma a outro de 2018, en que alertan sobre os riscos que este novo tipo de activos supón para os participantes do sistema financeiro e, moi en particular, para os pequenos investidores. O comunicado incide na complexidade, a volatilidade e a potencial falta de liquidez destes investimentos.

Neste sentido, e para reforzar a protección do investidor, inclúese na disposición derradeira segunda un novo artigo 240 bis no Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, para outorgar á CNMV competencias co fin de suxeitar a control administrativo a publicidade de criptoactivos e outros activos e instrumentos, que non se regulan na Lei do mercado de valores e que se ofrecen como proposta de investimento. Tamén se habilita a CNMV para desenvolver, mediante circular, o ámbito obxectivo e subxectivo, así como os mecanismos e procedementos de control que se aplicarán.

#### VIII

A disposición adicional terceira establece, ao abeiro das medidas extraordinarias de apoio á solvencia adoptadas neste real decreto lei, a extensión a catro meses do período en que non se devindicarán xuros de demora polos aprazamentos no pagamento de tributos que xa se establecera no Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio, e en materia tributaria.

En consonancia co anterior, mediante a disposición derogatoria única queda derogado o artigo 8 do Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, que regulaba o aprazamento de débedas tributarias, coa finalidade de ampliar de 3 a 4 meses os aprazamentos sen xuros.

#### IX

As disposicións adicionais cuarta, quinta e sexta establecen criterios xerais en relación con condicións de elixibilidade de empresas e autónomos, suxeición a normativa de axudas de Estado da Unión Europea e consecuencias da aplicación indebida polo debedor das medidas previstas neste real decreto lei.

Pola súa vez, a disposición adicional sétima establece que, por acordo do Consello de ministros, poderá determinarse a transferencia de crédito entre os fondos recollidos nos títulos I e II deste real decreto lei.

#### X

O artigo 86 da Constitución española permite ao Goberno ditar decretos leis «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral. Configúrase, por tanto, esta norma como un instrumento cuns contornos ben definidos en que o xuízo político de oportunidade e necesidade goza dunha ampla marxe,

sempre que se oriente en alcanzar un resultado concreto ante unha situación de urxencia ineludible.

O real decreto lei constitúe un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal e como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (sentenzas 6/1983, do 4 de febreiro, F. 5; 11/2002, do 17 de xaneiro, F. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F. 3; 189/2005, do 7 de xullo, F. 3; 68/2007, F. 10, e 137/2011, F. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa solucionar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais que, por razóns difíciles de prever, require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía ordinaria ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

Debe quedar, por tanto, acreditada «a existencia dunha necesaria conexión entre a situación de urxencia definida e a medida concreta adoptada para solucionala (SSTC 29/1982, do 31 de maio, FX 3; 182/1997, do 20 de outubro, FX 3, e 137/2003, do 3 de xullo, FX 4)».

Non se esconde que a situación que afronta o noso país como consecuencia da declaración de emerxencia de saúde pública de importancia internacional, unida á segunda declaración de estado de alarma e prórroga deste, xeran a concorrencia de motivos que xustifican a extraordinaria e urxente necesidade de adoptar diversas medidas de apoio á solvencia empresarial.

De acordo cunha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional, iniciada na mencionada STC 29/1982, do 31 de maio, FX 3, o control do orzamento habilitante do artigo 86.1 CE exige, primeiro, que o Goberno faga unha definición «explícita e razoada» da situación concorrente e, segundo, que exista, ademais, unha «conexión de sentido» entre a situación definida e as medidas que no decreto lei se adopten.

As medidas recollidas nesta norma nacen baixo este escenario de pandemia en que a rapidez de resposta, a través da adopción de medidas económicas e xurídicas, é un requisito imprescindible para asegurar a súa efectividade. Os obxectivos que se pretenden coa aprobación inmediata destas medidas non poderían conseguirse a través da tramitación dun proxecto de lei polo procedemento de urxencia e, por tanto, está plenamente xustificado o recurso ao real decreto lei desde a perspectiva da concorrencia do seu presuposto habilitante.

As medidas deste real decreto lei centran os seus esforzos na preservación do tecido empresarial e dos autónomos do noso país. Por isto, ademais das medidas anteriores citadas, súmanse outras dirixidas a permitir a viabilidade das empresas que están sufrindo unha deterioración transitoria dos seus indicadores de solvencia como consecuencia da intensidade e duración da caída de actividade extraordinaria xerada pola pandemia.

A estas medidas súmanse outras que teñen como obxectivo prorrogar outras xa adoptadas en normas anteriores e que demostraron a súa efectividade.

Os motivos de oportunidade que acaban de exporse demostran que, en ningún caso, o presente real decreto lei constitúe un suposto de uso abusivo ou arbitrario deste instrumento constitucional (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, FX 4; 100/2012, do 8 de maio, FX 8; 237/2012, do 13 de decembro, FX 4; 39/2013, do 14 de febreiro, FX 5). Pola contra, todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma. Para tal fin, a Sentenza do Tribunal Constitucional do 28 de xaneiro de 2021 (recurso de inconstitucionalidade núm. 2577-2020) é clara cando afirma que a doutrina constitucional estableceu que «a valoración da extraordinaria e urxente necesidade dunha medida pode ser independente da súa imprevisibilidade e, mesmo, de que teña a súa orixe na inactividade previa do propio Goberno sempre que concorran efectivamente a excepcionalidade da situación» (STC 1/2012, do 13 de xaneiro, FX 6), pois «o que aquí debe importar non é tanto a causa das circunstancias que xustifican a lexislación de urxencia senón o feito de que tales circunstancias efectivamente concorran» (SSTC 1/2002, do 17 de xaneiro, FX 6, e 68/2007, do 28 de marzo, FX 8).

Debe sinalarse tamén que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns

regulados no título I da Constitución española, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

Polo demais, este real decreto lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Deste modo, cúmprese co principio de necesidade que quedou plenamente xustificado. Igualmente, dáse cumprimento aos principios de seguridade xurídica, proporcionalidade e eficacia, e destácase que as medidas que incorpora son congruentes co ordenamento xurídico e incorporan a mellor alternativa posible dada a situación de excepcionalidade, ao conter a regulación necesaria e imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados.

En canto ao principio de transparencia, dado que se trata dun real decreto lei, a súa tramitación está exenta de consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas, conforme o artigo 26.11 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Finalmente, respecto ao principio de eficiencia, non se impoñen máis cargas que as estritamente necesarias.

O presente real decreto lei consta dun preámbulo e unha parte dispositiva, estruturada en 17 artigos, 7 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única, 11 disposicións derradeiras e dous anexos, e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; a lexislación mercantil, procesual e civil; o réxime alfandegueiro e arancelario; comercio exterior; bases da ordenación do crédito, banca e seguros; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica; e de facenda xeral.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da vicepresidenta terceira do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, do ministro de Xustiza, da ministra de Facenda, e da ministra de Industria, Comercio e Turismo, e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

### **Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas**

*Artigo 1. Obxecto, ámbito de aplicación e creación da Liña de axudas directas a empresarios e profesionais.*

1. Créase a Liña COVID de axudas directas a autónomos (empresarios e profesionais) e empresas para o apoio á solvencia e redución do endebedamento do sector privado.

Con cargo aos recursos desta liña concederanse axudas directas nos termos previstos neste real decreto lei.

Os destinatarios das axudas serán as empresas non financeiras e os autónomos máis afectados pola pandemia, sempre e cando teñan o seu domicilio fiscal en territorio español ou cando se trate de entidades non residentes non financeiras que operen en España a través de establecemento permanente. Estas axudas directas terán carácter finalista e empregaranse para satisfacer a débeda e realizar pagamentos a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como os custos fixos en que incorreron os autónomos e empresas considerados elixibles.

2. A dotación desta liña ascende a 7.000 millóns de euros e concédense, de acordo co disposto no artigo 2, os seguintes créditos extraordinarios ao orzamento en vigor:

a) Na sección 37 «Outras relacións financeiras con entes territoriais», servizo 01 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Comunidades autónomas», programa 9410 «Outras transferencias a comunidades autónomas», concepto 450 «Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas. Transferencias ás comunidades autónomas, excluídas Baleares e Canarias», e ás cidades de Ceuta e Melilla por importe de 5.000 millóns de euros.

b) Na sección 37 «Outras relacións financeiras con entes territoriais», servizo 01 «Secretaría Xeral de Financiamento Autonómico e Local. Comunidades autónomas», programa 9410 «Outras transferencias a comunidades autónomas», concepto 451 «Liña COVID de axudas directas a autónomos e empresas. Transferencias ás comunidades autónomas de Baleares e Canarias», por importe de 2.000 millóns de euros.

Os dous créditos extraordinarios que se conceden nesta epígrafe financiaranse de conformidade co artigo 46 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

3. As axudas directas recibidas polos autónomos e empresas considerados elixibles terán carácter finalista e deberán aplicarse á satisfacción da débeda e pagamentos a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como aos custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se devindicasen entre o 1 de marzo de 2020 e o 31 de maio de 2021 e procedan de contratos anteriores á entrada en vigor deste real decreto lei. En primeiro lugar, satisfaranse os pagamentos a provedores, por orde de antigüidade e, se procede, reducirase o nominal da débeda bancaria, primando a redución do nominal da débeda con aval público.

*Artigo 2. Compartimentos da Liña e asignación entre comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla.*

1. A liña estará composta por dous compartimentos:

a) Un primeiro compartimento, cunha dotación de 5.000 millóns de euros, que se asignará a todas as comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla, salvo ás comunidades autónomas a que se refire a letra b).

b) Un segundo compartimento, cunha dotación de 2.000 millóns de euros, que se asignará ás comunidades autónomas de Baleares e Canarias.

2. Os recursos de ambos os compartimentos repartiranse segundo os seguintes criterios:

No caso do primeiro compartimento, distribuiranse de maneira proporcional á asignación do React EU, con base en indicadores de renda, de desemprego e de desemprego xuvenil. En concreto, a repartición baséase nos seguintes tres indicadores:

a) Indicador de renda: mide o peso de cada Comunidade Autónoma na caída do PIB en 2020, moderado en función da prosperidade relativa de cada unha delas, medida a través da renda per cápita respecto á media nacional.

b) Indicador de desemprego: considera a media ponderada entre o peso da Comunidade Autónoma no total de parados rexistrados en xaneiro de 2020 e a súa contribución ao incremento do paro rexistrado nacional en 2020.

c) Indicador de desemprego xuvenil (16 – 25 anos): análogamente ao criterio anterior, considera a media ponderada entre o peso da Comunidade Autónoma no total de mozos parados rexistrados en xaneiro de 2020 e a súa contribución ao incremento do paro xuvenil rexistrado nacional en 2020.

As ponderacións así obtidas axustaranse sen considerar as comunidades autónomas do segundo compartimento.

No caso do segundo compartimento, repartiranse de forma proporcional ao peso de cada comunidade autónoma na caída en 2020 dos afiliados en termos netos, isto é,

descontando o efecto dos ERTE, de acordo co certificado que, para tal efecto, emita o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

3. A contía da distribución definitiva entre as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla dos recursos de ambos os compartimentos, en aplicación dos criterios establecidos no número 2 deste artigo, determinarase por orde da persoa titular do Ministerio de Facenda. Esta contía terá carácter limitativo para efectos das convocatorias que realicen as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla. Nesta orde ministerial poderán concretarse as cuestións necesarias para a aplicación deste título.

4. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla realizarán as correspondentes convocatorias para a asignación das axudas directas aos destinatarios sitos nos seus territorios, asumirán a tramitación e xestión das solicitudes, así como a súa resolución, o aboamento da subvención, os controis previos e posteriores ao pagamento e cantas actuacións sexan necesarias para garantir a adecuada utilización destes recursos, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a súa normativa de desenvolvemento regulamentario.

*Artigo 3. Marco básico dos requisitos de elixibilidade e dos criterios para fixación da contía da axuda:*

1. Para os efectos deste real decreto lei, consideraranse destinatarios:

a) Os empresarios ou profesionais e entidades adscritas aos sectores definidos no anexo I, e cuxo volume de operacións anual declarado ou comprobado pola Administración, no imposto sobre o valor engadido ou tributo indirecto equivalente en 2020 caese máis dun 30 % con respecto a 2019. Esta información subministraraa a Administración tributaria correspondente por petición das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

Os empresarios ou profesionais que apliquen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas adscritos aos sectores definidos no anexo I.

b) Para o caso de grupos consolidados que tributen no imposto sobre sociedades no réxime de tributación consolidada, entenderase como destinatario, para efectos do cumprimento dos requisitos de elixibilidade e transferencias, o citado grupo como un contribuínte único, e non cada unha das entidades que o integran, polo cal o volume de operacións que se considerarán para determinar a caída da actividade será o resultado de sumar todos os volumes de operacións das entidades que conforman o grupo.

c) En ningún caso se consideran destinatarios aqueles empresarios ou profesionais, entidades e grupos consolidados que cumpran os requisitos establecidos nas dúas epígrafes anteriores e que na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a 2019 declarasen un resultado neto negativo polas actividades económicas en que aplicase o método de estimación directa para a súa determinación ou, se for o caso, resultase negativa no dito exercicio a base imponible do imposto sobre sociedades ou do imposto da renda de non residentes, antes da aplicación da reserva de capitalización e compensación de bases impositivas negativas. Esta información subministraraa a Administración tributaria correspondente, por petición das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

2. As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla establecerán os criterios para as axudas por destinatario, de forma que non se superen os seguintes límites máximos:

a) 3.000 euros cando se trate de empresarios ou profesionais que apliquen o réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) Para aqueles empresarios e profesionais cuxo volume de operacións anual declarado ou comprobado pola Administración, no imposto sobre o valor engadido ou

tributo indirecto equivalente, caese máis do 30 % no ano 2020 respecto ao ano 2019, a axuda máxima que se concederá será:

i. Do 40 % da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o dito 30 %, no caso de empresarios ou profesionais que apliquen o réxime de estimación directa no imposto sobre a renda das persoas físicas, así como das entidades e establecementos permanentes que teñan un máximo de 10 empregados.

ii. Do 20 % do importe da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019 que supere o dito 30 %, no caso de entidades e empresarios ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 empregados.

Sen prexuízo do disposto nas letras b). i e b). ii anteriores, a axuda non poderá ser inferior a 4.000 euros nin superior a 200.000 euros.

c) No caso dos grupos a que se refire o número 1 do artigo 3.1.b), os límites anteriores aplicaranse ao grupo no seu conxunto.

d) As comunidades autónomas do segundo compartimento poderán aumentar as porcentaxes de cobertura de perdas e límites máximos das axudas dispostos nas letras b).i e b).ii do presente artigo 3.2.

3. As comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla determinarán os parámetros que se aplicarán para os supostos de altas ou empresas creadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020, de empresas que realizasen unha modificación estrutural da sociedade mercantil entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020, e de empresarios ou profesionais que estivesen de alta durante un período inferior ao ano no exercicio 2019 ou no exercicio 2020.

4. Poderase concorrer a convocatorias realizadas por distintas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para a asignación das axudas directas previstas neste título.

Cando se trate de empresarios, profesionais ou entidades cuxo volume de operacións en 2020 fose inferior ou igual a 10 millóns de euros e non apliquen o réxime de grupos no imposto sobre sociedades soamente poderán concorrer á convocatoria realizada pola comunidade autónoma ou, se for o caso, polas cidades de Ceuta e Melilla, en que se localice o seu domicilio fiscal.

Os grupos e os empresarios, profesionais ou entidades cuxo volume de operacións en 2020 fose superior a 10 millóns de euros que desenvolvan a súa actividade económica en máis dun territorio autonómico ou en máis dunha cidade autónoma poderán participar nas convocatorias que se realicen en todos os territorios en que operen. Para estes casos, a orde do Ministerio de Facenda de desenvolvemento do presente real decreto lei establecerá o criterio de distribución da caída da actividade entre os diferentes territorios en que operen, atendendo ao peso das retribucións de traballo persoal satisfeitas aos traballadores con que contan en cada territorio.

5. Os destinatarios destas axudas deberán acreditar unha actividade que se clasifique nalgún dos códigos da Clasificación nacional de actividades económicas –CNAE 09– previstos no anexo I da presente norma no momento da súa entrada en vigor.

6. Non poderá concederse ningunha axuda directa das recollidas neste título pasado o 31 de decembro de 2021.

#### Artigo 4. *Seguimento e control das axudas directas.*

1. No primeiro trimestre de 2022, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla remitirán ao Ministerio de Facenda un estado de execución do exercicio en que indicarán as contías totais de compromisos de créditos, obrigacións recoñecidas e pagamentos realizados no ano. O saldo non executado nin comprometido en 31 de decembro de 2021 deberá reintegrarse ao Ministerio de Facenda. Para os efectos da determinación desta cantidade, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla destinatarias deste orzamento deberán remitir, xunto coa información enumerada

neste número, informe dos seus respectivos órganos de intervención e control en que se acredite e certifique o importe do reintegro.

2. No primeiro trimestre de 2023, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla remitirán ao Ministerio de Facenda os reintegros de axudas derivados do incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

3. Será responsabilidade das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla destinar estes recursos á finalidade para a cal foron concedidos. En consecuencia, as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla que xestionen os créditos a que se refire o presente título deberán proceder a un adecuado control dos fondos recibidos que asegure a correcta obtención, desfrute e destino destes polos perceptores finais. As comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla xestoras dos fondos serán as responsables de render contas, se for o caso, ante os órganos de control externo, sen prexuízo das funcións de control e verificación do cumprimento destas obrigacións que puidese realizar a Intervención Xeral da Administración do Estado.

4. O Ministerio de Facenda e as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla subscribirán un convenio que articule a necesaria colaboración entre ambas as administracións públicas de cara á execución do previsto no presente título, recollendo cuestións como o intercambio de información entre as administracións tributarias; a mención en todas as actuacións e soportes que se utilicen á orixe dos fondos que financian estas axudas, sinalando que son financiadas polo Goberno de España, e a obrigación de subministrar información detallada sobre as convocatorias realizadas e os seus resultados.

Estes convenios deberán asinarse no prazo dun mes desde a entrada en vigor do presente real decreto lei e o Ministerio de Facenda transferirá os fondos correspondentes a cada comunidade autónoma dentro dos 10 días seguintes á data en que adquira eficacia cada convenio.

5. A empresa beneficiaria destas axudas deberá xustificar ante o órgano concedente o mantemento da actividade que dá dereito ás axudas en 30 de xuño de 2022. En caso contrario, procederá o reintegro das axudas percibidas ao abeiro deste título.

6. A Secretaría de Estado de Facenda poderá solicitar información das axudas directas concedidas, con base na obrigación de subministración de información amparada no artigo 6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

## TÍTULO II

### Liña para a reestruturación de débeda financeira COVID

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións xerais

###### Artigo 5. *Obxecto.*

As disposicións contidas neste título teñen por obxecto establecer medidas de apoio público e introducir un código de boas prácticas que, entre outros aspectos, fomente a coordinación de entidades financeiras na adopción de medidas que contribúan a reforzar a solvencia das empresas e autónomos con domicilio social en España que atravesen un desequilibrio patrimonial temporal, nos termos establecidos por acordo do Consello de ministros, como consecuencia da caída significativa dos seus ingresos derivada da pandemia da COVID-19.

###### Artigo 6. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas previstas neste título aplicaranse ás empresas e autónomos con sede social en España, que subscribisen operacións de financiamento que contén con aval público, que concedesen as entidades de crédito ou calquera outra entidade supervisada



polo Banco de España que realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos a empresas e autónomos con sede social en España, entre o 17 de marzo de 2020 e a data de publicación deste real decreto lei. Tamén poderán aplicarse estas medidas ás operacións de financiamento concedidas entre o 17 de marzo de 2020 e a data de publicación deste real decreto lei e que contén con reaval concedido pola Compañía Española de Reafianzamiento, S.A. (CERSA). Neste sentido, a CERSA recibirá o mesmo tratamento que a Administración xeral do Estado e poderá beneficiarse, en particular, do apoio da liña regulada no artigo 10.

2. As condicións aplicables e os requisitos que hai que cumprir para acollerse ás medidas previstas neste título, incluído o prazo máximo para a súa solicitude, estableceranse mediante acordo do Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo ulterior para a súa aplicación.

3. Adicionalmente, para a súa elixibilidade como beneficiario destas medidas, a empresa ou autónomo, nos casos en que lle sexa aplicable e sempre que o prazo de solicitude estea vixente, deberá ter solicitado previamente ás entidades financeiras, e estas teren comunicado a súa formalización ao ICO, as medidas de ampliación de prazos e carencias recollidas no Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.

## CAPÍTULO II

### Medidas de apoio público á solvencia

*Artigo 7. Extensión dos prazos de vencemento das operacións de financiamento que recibisen aval público.*

O prazo de vencemento dos avais outorgados pola Administración xeral do Estado ou por conta do Estado poderá estenderse por un período adicional, nos termos que se determinarán mediante acordo do Consello de Ministros. A medida será efectiva dentro dos acordos de renegociación de débedas que se poidan alcanzar entre os debedores e as entidades financeiras acreedoras nos termos fixados mediante acordo do Consello de Ministros, de tal maneira que estas estenderán o prazo de vencemento das operacións avaladas polo mesmo prazo de extensión do vencemento do aval correspondente.

*Artigo 8. Mantemento do aval público en caso da conversión das operacións do principal pendente en operacións de financiamento con aval público.*

Manterase o aval público daquelas operacións de financiamento que contan con aval outorgado pola Administración xeral do Estado ou por conta do Estado e que, nos termos fixados mediante acordo do Consello de Ministros, se convertan en préstamos participativos, regulados no artigo 20 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica.

*Artigo 9. Medidas para a redución do seu endebedamento.*

1. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá realizar transferencias ás empresas e autónomos que cumpran cos requisitos establecidos polo Código de boas prácticas coa finalidade exclusiva de reducir o principal pendente das operacións financeiras a que se refire o artigo 6. Estas transferencias produciranse no marco dos acordos de renegociación de débedas que alcancen os debedores e as entidades financeiras acreedoras.

2. As transferencias públicas previstas neste artigo aboaranse directamente a través da entidade concedente da operación financeira, que a aplicará con carácter inmediato a reducir o capital pendente da dita operación, incluído, se é o caso, o capital vencido, impagado ou co aval executado, se o houber.

3. Estas transferencias por parte do Estado produciranse dentro dos acordos de renegociación de débedas que alcancen os debedores e as entidades financeiras

acredoras, que, pola súa vez, asumirán as reducións do principal pendente do préstamo que lles correspondan nos termos que se establecerán mediante acordo do Consello de Ministros.

4. A entidade concedente non aplicará comisión ningunha pola cancelación anticipada da débeda realizada cos fondos recibidos correspondentes ao apoio público concedido.

Artigo 10. *Creación da Liña para a reestruturación de débeda financeira COVID.*

Créase a Liña para a reestruturación de débeda financeira COVID para atender os gastos derivados das medidas para a redución do endebedamento recollidas no artigo 9, cunha dotación inicial que ascende a 3.000 millóns de euros, e concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 27 «Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital», servizo 04 «Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional», 931M «Previsión e política económica», 470 «Liña para a reestruturación de débeda financeira COVID con aval do Estado». Este crédito extraordinario financiarase de conformidade co artigo 46 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

### **Código de boas prácticas**

Artigo 11. *Suxeición ao Código de boas prácticas polas entidades financeiras adheridas.*

1. O Código de boas prácticas, cuxo contido se aprobará mediante acordo do Consello de Ministros, será de adhesión voluntaria por parte das entidades de crédito ou de calquera outra entidade que conte con operacións incluídas no ámbito de aplicación definido no artigo 6 deste real decreto lei.

2. As entidades comunicarán a súa adhesión, por escrito, á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional.

3. Desde a adhesión da entidade financeira, e unha vez que se produza a acreditación por parte do debedor que así o solicite de que se cumpren as condicións e requisitos establecidos no Código de boas prácticas, a entidade financeira aplicará as medidas recollidas nese código, nos termos nel previstos. Sen prexuízo do anterior, as partes deberán cumprir as formalidades previstas nas normas para que os actos e contratos resultantes despreguen toda a súa eficacia. En particular, cando exista obrigación legal de inscrición dos actos e contratos afectados, deberá formalizarse a escritura pública e inscribirse no rexistro correspondente.

4. No caso de que as medidas contidas no Código de boas prácticas se apliquen sobre unha débeda con garantía hipotecaria, a novación do contrato terá os efectos previstos no artigo 4.3 da Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios, con respecto aos préstamos e créditos novados.

5. A adhesión da entidade ao Código de boas prácticas entenderase producida por un prazo equivalente á duración prevista do código, salvo denuncia expresa da entidade adherida, notificada por escrito á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional cunha antelación mínima de tres meses.

6. O contido do Código de boas prácticas aplicarase exclusivamente ás entidades adheridas, debedores e contratos a que se refire este título, que serán concretados por medio de acordo do Consello de Ministros. Non procederá, por tanto, a extensión da súa aplicación, con carácter normativo ou interpretativo, a ningún outro ámbito non incluído expresamente no seu ámbito de aplicación.

7. As entidades financeiras deberán informar adecuadamente os seus clientes sobre a súa adhesión ou non ao Código de boas prácticas e a posibilidade de acollerse ao disposto no código. Esta información deberá facilitarse especialmente a través da súa rede comercial de oficinas na forma e nos termos que se recollan no propio Código de boas prácticas.

Artigo 12. *Seguimento do cumprimento do Código de boas prácticas.*

1. O cumprimento do Código de boas prácticas por parte das entidades adheridas será supervisado por unha comisión de control constituída para o efecto, que presidirá o secretario xeral do Tesouro e Financiamento Internacional e cuxa composición se desenvolverá por acordo do Consello de Ministros.

2. As entidades adheridas remitirán ao Banco de España, con carácter mensual, a información que lles requira a comisión de control. Esta información incluírá os elementos que así se determinen mediante acordo do Consello de Ministros.

3. As reclamacións sobre a incorrecta aplicación destas medidas seguirán a mesma tramitación e resolución que o resto de reclamacións sobre incumprimentos por parte das entidades financeiras. Inicialmente, a reclamación formularase ante os servizos, departamentos ou defensores do cliente da entidade acreedora. Posteriormente, se non hai unha solución satisfactoria para o cliente, este poderá presentar unha reclamación ante o Banco de España.

### CAPÍTULO III

#### Formalización en escritura pública

Artigo 13. *Formalización en escritura pública.*

1. Os dereitos arancelarios notariais e rexistrais derivados da formalización e inscrición das operacións recollidas neste título e no acordo do Consello de Ministros de desenvolvemento bonificaranse nun 50 por cento, nos seguintes termos:

a) Polo outorgamento da escritura devindicarse o arancel correspondente ás escrituras de novación hipotecaria, previsto na letra f) do punto 1 do número 1 do anexo I do Real decreto 1426/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos notarios, reducidos ao 50 por cento, sen que se devindique cantidade ningunha a partir do quinto folio de matriz e de copia, sexa copia autorizada ou copia simple. En todo caso, a suma de todos os aranceis notariais aplicables á escritura será dun mínimo de 30 euros e dun máximo de 75 euros por todos os conceptos.

b) Os dereitos arancelarios notariais derivados da intervención de pólizas en que se formalicen, se for o caso, os aprazamentos previstos nesta norma derivadas de todo préstamo ou crédito sen garantía hipotecaria serán os establecidos no Decreto do 15 de decembro de 1950 e bonificaranse nun 50 por cento.

En todo caso, a suma de todos os aranceis notariais aplicables á póliza será dun mínimo de 25 euros e un máximo de 50 euros por todos os conceptos, incluídas as súas copias e traslados.

c) Cando exista garantía real inscritable, pola práctica da inscrición aplicarase o arancel previsto, segundo corresponda, no caso dos rexistradores da propiedade, para as novacións modificativas no artigo 2.1.g) do anexo I do Real decreto 1427/1989, do 17 de novembro, polo que se aproba o arancel dos rexistradores, no caso dos rexistradores mercantís, conforme o previsto no artigo 36 da Orde do 19 de xullo de 1999 pola que se aproba a ordenanza para o rexistro de venda a prazos de bens mobles. Ao resultado aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento. En todo caso, a suma de todos os aranceis rexistrais aplicables ao documento será dun mínimo de 24 euros e un máximo de 50 euros por todos os conceptos.

2. O previsto nos números anteriores tamén será de aplicación para aqueles supostos en que, con motivo da formalización do aprazamento, se proceda á elevación a público ou intervención da operación de financiamento obxecto do acordo.

## Artigo 14. *Moderación dos xuros moratorios.*

En todos os contratos de crédito ou préstamo a empresas e autónomos que se encontren dentro do ámbito de aplicación deste título, o xuro moratorio aplicable desde o momento en que o debedor solicite á entidade financeira a aplicación de calquera das medidas do Código de boas prácticas e acredite ante a citada entidade que se encontra na dita circunstancia será, como máximo, o resultante de sumar aos xuros remuneratorios pactados no préstamo un 1 por cento sobre o capital pendente do préstamo.

## CAPÍTULO IV

### Réxime sancionador

## Artigo 15. *Réxime sancionador.*

O previsto no número 4 do artigo 9, nos números 3 e 7 do artigo 11, e no número 2 do artigo 12 terá a condición de normativa de ordenación e disciplina das entidades correspondentes, conforme o previsto na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e o incumprimento das obrigacións que derivan deles considerárase infracción leve, en caso de incumprimento ocasional, e grave, en caso de incumprimento reiterado, que se sancionará de acordo co establecido na dita lei.

### **Réxime de cobranza aplicable aos avais outorgados en virtude dos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 25/2020, do 3 xullo**

## Artigo 16. *Réxime de cobranza.*

1. Aos avais outorgados en virtude do artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e do artigo 1 do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, seralles aplicable o réxime xurídico de recuperación e cobranza que se especifica neste artigo.

2. En caso de execución dos avais outorgados, por aplicación dos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 25/2020, do 3 de xullo, seguirase para o conxunto do principal da operación avalada o mesmo réxime xurídico de recuperación e cobranza que corresponda á parte do principal do crédito non avalada polo Estado, de acordo coa normativa e prácticas das entidades financeiras, e non serán de aplicación os procedementos e as prerrogativas de cobranza previstos no artigo 116 bis e 10.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Corresponderá ás entidades financeiras a formulación de reclamacións extraxudiciais ou o exercicio de accións xudiciais por conta e en nome do Estado para a recuperación dos importes impagados de créditos da Facenda pública derivados da execución destes avais. Non obstante, as entidades de crédito non poderán conceder aprazamentos, fraccionamentos e quitacións das cantidades reclamadas por conta e en nome do Estado sen solicitaren previamente a súa aprobación por parte do Departamento de Recadación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Mediante acordo do Consello de Ministros poderanse outorgar autorizacións xerais en determinados supostos para conceder ás ditas operacións aprazamentos e fraccionamentos.

Así mesmo, mediante real decreto do Consello de Ministros, logo de ditame do Consello de Estado, fixaranse as condicións en que estas entidades poderán proceder ás operacións de quitación xerais.

3. En caso de declaración de concurso do debedor avalado, serán de aplicación as regras xerais de representación e defensa en xuízo establecidas na Lei 52/1997, do 27 de novembro, de asistencia xurídica ao Estado e institucións públicas.

Os créditos derivados da execución destes avais poderán quedar afectados polos acordos extraxudiciais de pagamentos e consideraranse pasivo financeiro para efectos da homologación dos acordos de refinanciamento.

Así mesmo, se o debedor reúne os requisitos legais para isto, o beneficio de exoneración de pasivo insatisfeito estenderase igualmente aos citados créditos.

4. Os créditos da Facenda pública derivados da execución dos avais outorgados ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020, do 17 de marzo, e 25/2020, do 3 de xullo, terán o rango de crédito ordinario en caso de declaración de concurso do debedor avalado.

### TÍTULO III

#### **Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID**

Artigo 17. *Creación do Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID.*

1. De conformidade co previsto no artigo 137 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, créase o Fondo de recapitalización de empresas afectadas pola COVID, fondo carente de personalidade xurídica, adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da Secretaría de Estado de Comercio.

2. O Fondo ten por obxecto achegar apoio público temporal baixo criterios de rendibilidade, risco e impacto en desenvolvemento sustentable, para reforzar a solvencia das empresas con sede social en España, cuxos criterios básicos de elixibilidade se determinarán por acordo do Consello de Ministros. En concreto, o Fondo achegará o dito apoio exclusivamente en forma de instrumentos de débeda, de capital e híbridos de capital, ou unha combinación deles, a empresas non financeiras, que previamente se solicitasen e que atravesen dificultades de carácter temporal como consecuencia da pandemia da COVID-19.

En ningún caso o Fondo apoiará financeiramente empresas que con anterioridade á crise da COVID-19 tivesen problemas de viabilidade ou aquelas que se consideren inviables a futuro.

O financiamento outorgado con cargo a este fondo será incompatible co outorgado polo Fondo de apoio á solvencia de empresas estratéxicas, previsto no Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para a reactivación económica e o emprego.

A análise previa de viabilidade e risco a que se supedita a concesión do apoio público temporal previsto no primeiro parágrafo deste número valorará as eventuais reestruturacións de débeda que a empresa potencialmente beneficiaria realizase, incluídas as previstas nos artigos 7, 8 e 9 do presente real decreto lei, na medida en que melloren o seu perfil de riscos e contribúan á súa viabilidade.

3. A dotación do Fondo ascende a 1.000 millóns de euros. Integrarase no Tesouro Público o importe dos dividendos, xuros, plusvalías e calquera outra remuneración que resulte dos investimentos ou operacións que se realicen; as remuneracións que eventualmente perciban os conselleiros, xa sexan empregados públicos xa empregados da xestora, nomeados para participar, se for o caso, nos órganos de administración das empresas solicitantes; así como os resultados dos desinvestimentos e reembolsos efectuados, que se minorarán polas minusvalías e gastos.

Non será de aplicación o previsto no parágrafo anterior ás remuneracións que, eventualmente, poidan percibir os conselleiros nomeados para participar, se for o caso, nos órganos de administración das empresas solicitantes que non teñan a condición de empregados públicos ou empregados da xestora.

Para os efectos indicados no parágrafo primeiro do presente número, concédese un crédito extraordinario ao orzamento en vigor da sección 20 «Ministerio de Industria, Comercio e Turismo», servizo 07 «Dirección Xeral de Política Comercial», programa 4310 «Ordenación e modernización das estruturas comerciais», concepto 875 «Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID» por importe de 1.000 millóns de euros. O crédito extraordinario que se concede nesta epígrafe financiarase de

conformidade co artigo 46 da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

4. O Fondo forma parte do sector público estatal como fondo sen personalidade xurídica para os efectos do artigo 2.2.f) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e estará suxeito ao réxime de orzamentación, contabilidade e control previsto nela. O Fondo réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no presente real decreto lei e no resto das normas de dereito administrativo xeral e especial que lle resulten de aplicación.

5. A xestión do Fondo queda encomendada á sociedade mercantil estatal Compañía Española de Financiación del Desarrollo, Cofides, S.A., S.M.E. O presidente conselleiro delegado da Cofides terá a consideración de contadante para efectos da rendición de contas ante o Tribunal de Contas. As competencias da xestora do Fondo determinaranse por acordo do Consello de Ministros. En todas as operacións e accións relativas ao Fondo, a súa xestora actuará en nome propio e por conta da Administración xeral do Estado, exercendo de depositaria dos títulos e contratos representativos das operacións de activo realizadas, así como exercendo, se así se considerara oportuno, os dereitos que como administrador poidan corresponder á participación da Administración xeral do Estado.

Todas as operacións efectuadas con cargo ao Fondo serán rexistradas en contabilidade específica, separada e independente da xestora do Fondo. Os acredores que poidan xurdir de obrigacións contraídas pola xestora do Fondo con cargo a este e por conta da Administración xeral do Estado non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio daquela nin contra o da Administración xeral do Estado, cuxa responsabilidade se limita ao importe da súa achega ao Fondo. Igualmente, co patrimonio do Fondo unicamente se responderá polas obrigacións contraídas pola súa xestora con cargo a aquel e por conta da Administración xeral do Estado.

Non formarán parte do patrimonio da Administración xeral do Estado as participacións, accións, títulos e demais instrumentos que puidese adquirir aquela con cargo ao Fondo e non lles resultará de aplicación o previsto no título VII da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

6. Créase un comité técnico de investimentos, órgano colexiado interministerial adscrito ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, cuxa composición, funcionamento e competencias se regularán mediante acordo do Consello de Ministros. O Comité Técnico de Investimentos será o órgano de control e seguimento das operacións que realice a xestora con cargo ao Fondo.

Unha vez realizado pola xestora o estudo de viabilidade e avaliación de riscos das propostas de financiamento recibidas de acordo co sinalado no número 2, esta, respecto das propostas viables que recibise coa documentación completa, solicitará ao Comité Técnico de Investimentos a aprobación para realizar as operacións ou accións correspondentes.

7. Para o desenvolvemento das actuacións que correspondan á xestora do Fondo en execución do presente real decreto lei, a xestora poderá contratar con cargo ao Fondo e consonte a normativa de contratación que lle sexa aplicable en cada momento todos aqueles servizos de apoio externo que sexan necesarios para a efectividade e posta en marcha, desenvolvemento, execución e liquidación do Fondo e de todas as operacións financiadas con cargo a el, e poderá contratar os ditos servizos que resulten de inaprazable necesidade de forma análoga á prevista no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de concorreren as circunstancias nel previstas.

8. Para efectos de que a xestora do Fondo poida levar a cabo de maneira eficiente os labores encomendados no presente real decreto lei e co fin de que se lle retribúan economicamente as actividades inherentes á xestión do Fondo, mediante orde da titular do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo estableceranse os oportunos mecanismos de remuneración do dito labor de xestión do Fondo con cargo a el.

Esta remuneración deberá ser suficiente, no referente á cobertura dos custos de xestión e dos de capital, tanto no período de investimento como nas fases de seguimento, desinvestimento e recuperación; deberá incentivar a eficiencia na xestión do Fondo e

remunerar de distinta maneira en función, entre outros criterios, das fases de desenvolvemento dun investimento e do seu resultado.

Así mesmo, dotarase a xestora dos medios humanos necesarios adicionais para que poida desenvolver as súas funcións adecuadamente.

9. Todas as transmisións patrimoniais, operacións societarias e actos derivados, directa ou indirectamente da aplicación desta disposición e, mesmo, as achegas de fondos ou ampliacións de capital que, eventualmente, se executen para a capitalización ou reestruturación financeira e patrimonial das empresas participadas con cargo ao Fondo estarán exentos de calquera tributo estatal, autonómico ou local, sen que proceda, neste último caso, a compensación a que se refire o artigo 9.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Igualmente, todas as transmisións, operacións e actos antes mencionados gozarán de exención do pagamento de calquera arancel e honorario profesional devindicado pola intervención de fedatarios públicos e de rexistradores da propiedade e mercantís.

10. En supostos de participación no capital social das empresas elixibles, a xestora exercerá por conta da Administración xeral do Estado os dereitos de voto e demais dereitos políticos que lle correspondan sen necesidade de autorización previa por parte do Comité Técnico de Investimentos. Así mesmo, decidirá caso por caso sobre a oportunidade de propor ou non o nomeamento de conselleiros nos órganos de administración das sociedades participadas, e poderá, con suxeición ao previsto na normativa mercantil vixente en cada momento, propor o nomeamento de empregados públicos, de empregados da propia xestora ou doutras persoas físicas ou xurídicas, segundo conveña á mellor defensa dos intereses públicos.

11. A responsabilidade que nos casos previstos nas leis lles puidese corresponder, se for o caso, tanto aos empregados públicos como aos empregados da xestora, membros dos consellos de administración das empresas obxecto de participación no seu capital social nomeados por proposta da xestora será directamente asumida pola Administración xeral do Estado, quen poderá eximir de oficio ao conselleiro nomeado a responsabilidade en que incorrese polos danos e perdas causados nos seus bens ou dereitos cando concorrese dolo, culpa ou negligencia grave, conforme o previsto nas leis administrativas en materia de responsabilidade patrimonial.

O previsto no parágrafo anterior non será de aplicación á responsabilidade en que eventualmente puidesen incorrer, nos casos previstos nas leis, os membros dos consellos de administración das empresas participadas con cargo ao Fondo que non teñan a condición de empregado público nin sexan empregados da xestora.

12. A adquisición das participacións no capital social con cargo ao Fondo quedará exenta da obrigaçión de formular oferta pública de adquisición nos supostos previstos nos artigos 128 e 129 do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.

13. O funcionamento, mobilización de recursos e liquidación do Fondo; as condicións básicas aplicables e requisitos que se deben cumprir nas operacións do número 2 desta disposición determinaranse mediante acordo do Consello de Ministros, sen requirir ulterior desenvolvemento normativo.

14. As operacións financiadas con cargo ao Fondo axustaranse á normativa de axudas de Estado e non se concederán apoios financeiros con cargo a este Fondo en canto a Comisión Europa non o autorizase expresamente.

15. Os datos, documentos e informacións que consten en poder do Comité Técnico de Investimentos e da xestora do Fondo en virtude das funcións que lles encomenda este real decreto lei terán carácter reservado e, coas excepcións previstas na normativa vixente, non poderán ser divulgados a ningunha persoa ou autoridade, nin utilizados con finalidades distintas daquelas para as cales foron obtidos. Quedarán tamén obrigados a gardar segredo e a non utilizar a información recibida con finalidades distintas daquela para a que lles sexa subministrada aos auditores de contas, asesores legais e demais expertos independentes que poidan ser designados polo Comité Técnico de Investimentos e pola xestora do Fondo en relación co cumprimento das funcións que, respectivamente teñan

atribuídas. Este carácter reservado cesará desde o momento en que os interesados fagan públicos os feitos a que os datos, documentos e informacións se refiren.

16. Conforme o artigo 90 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, este fondo sen personalidade xurídica estará integrado no concepto de Tesouro Público. O Fondo extinguirase por orde da ministra de Industria, Comercio e Turismo, unha vez transcorrido un prazo máximo de oito anos contados desde a súa creación. Non obstante o anterior, logo do informe da Comisión Delegada para Asuntos Económicos, o Consello de Ministros poderá prorrogar o prazo de extinción. No momento da supresión do Fondo, o saldo remanente de tesouraría do Fondo será ingresado no Tesouro Público.

17. Apróbase o orzamento de explotación e capital do Fondo para o exercicio 2021, que se inclúe no anexo II desta norma.

Disposición adicional primeira. *Ampliación extraordinaria do prazo de execución e xustificación dos proxectos financiados pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.*

1. Nos procedementos de concesión de apoio a proxectos industriais competencia da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa e que xa fosen obxecto dunha ampliación ordinaria, conforme o procedemento recollido na correspondente orde de bases, ou extraordinaria, do prazo de execución, as resolucións poderán ser modificadas por instancia do beneficiario para ampliar os prazos de execución da actividade e, se for o caso, de xustificación e comprobación da dita execución, aínda que non se recollese nas correspondentes bases reguladoras.

2. Esta instancia requirirá dunha solicitude que deberá efectuarse antes de que finalice o prazo de execución do proxecto segundo se fixe nas correspondentes resolucións e deberá ser aceptado de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión e notificárselle ao interesado. O prazo para a resolución será de 3 meses desde a presentación da solicitude. Se transcorrido o dito prazo o órgano competente para resolver non notifica a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude.

3. Só se poderán alegar como circunstancias que xustifican a necesidade dunha modificación extraordinaria dos prazos establecidos nas correspondentes resolucións as causas sobrevidas directamente como consecuencia da crise da COVID-19.

4. Non poderán autorizarse ampliacións de prazo no caso de que conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Que non exista unha afectación suficientemente acreditada que xustifique esa ampliación.

b) Que a empresa non estea ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

c) Que a empresa teña débedas por reintegro de axudas ou reembolso de préstamos coa Administración.

d) Que a empresa non teña cumpridas as súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil ou ante o correspondente Rexistro de Cooperativas.

O beneficiario deberá incluír na solicitude sinalada no número 2 unha declaración responsable en que confirme que non concorren estas circunstancias.

Disposición adicional segunda. *Ampliación do prazo de suspensión de pagamentos e devindicacións de préstamos Emprendetur da Secretaría de Estado de Turismo.*

Amplíase durante un ano adicional a suspensión do pagamento de xuros e amortizacións correspondentes a préstamos Emprendetur, prevista no artigo 41 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.



Disposición adicional terceira. *Aprazamento de débedas tributarias.*

1. No ámbito das competencias da Administración tributaria do Estado, para os efectos dos aprazamentos a que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, concederase o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde o día 1 de abril até o día 30 de abril de 2021, ambos inclusive, sempre que as solicitudes presentadas até esa data reúnan os requisitos a que se refire o artigo 82.2.a) da citada lei.

2. Este aprazamento será aplicable tamén ás débedas tributarias a que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o debedor sexa unha persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2020.

4. As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo será de seis meses.
- b) Non se devindicarán xuros de demora durante os primeiros catro meses do aprazamento.

Disposición adicional cuarta. *Condicións de elixibilidade de empresas e autónomos.*

1. Os destinatarios das medidas previstas nos títulos I, II e III deste real decreto lei deberán cumprir no momento de presentación da solicitude os seguintes requisitos:

a) Non ter sido condenados mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas ou por delitos de prevaricación, suborno, malversación de bens públicos, tráfico de influencias, fraudes e exaccións ilegais ou delitos urbanísticos.

b) Non ter dado lugar, por causa da cal fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.

c) Estar ao día de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións ou axudas públicas.

d) Estar ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

e) Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, non ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, non estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

2. Os destinatarios das medidas previstas nos títulos I, II e III asumen, así mesmo, os seguintes compromisos:

- a) Deberán manter a actividade correspondente ás axudas até o 30 de xuño de 2022.
- b) Non poderán repartir dividendos durante 2021 e 2022.
- c) Non aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante un período de dous anos desde a aplicación dalgunha das medidas.

3. Por acordo do Consello de Ministros poderán establecerse requisitos adicionais.

Disposición adicional quinta. *Suxeición á normativa de axudas de Estado da Unión Europea.*

1. Todas as medidas de apoio público recollidas neste real decreto lei cumprirán coa normativa da Unión Europea en materia de axudas de Estado. Non se concederá ningunha

medida de apoio público até que non se conte coa autorización expresa para isto da Comisión Europea.

2. En particular, no referente ás axudas directas e transferencias, co fin de garantir o respecto dos limiares cuantitativos correspondentes e as regras de acumulación, será necesario que a empresa ou autónomo potencialmente beneficiario realice unha declaración responsable do conxunto de axudas públicas recibidas até a data. Naqueles casos en que a axuda total acumulada por empresa supere os 1,8 millóns de euros, a empresa deberá xustificar os custos fixos non cubertos e o resto de requisitos exixidos pola normativa de axudas de Estado da Unión Europea.

Disposición adicional sexta. *Consecuencias da aplicación indebida polo debedor das medidas establecidas neste real decreto lei.*

1. A empresa ou autónomo que se beneficiase das medidas establecidas neste real decreto lei sen reunir os requisitos previstos nel será responsable dos danos e perdas que se puidesen producir, se for o caso, así como de todos os gastos xerados pola aplicación destas medidas de apoio, sen prexuízo das responsabilidades doutra clase a que a súa conduta puidese dar lugar.

2. O importe da responsabilidade polos danos, perdas e gastos non poderá resultar inferior ao beneficio indebidamente obtido polo debedor pola aplicación da norma.

3. Tamén incorrerá en responsabilidade a empresa ou autónomo que busque situarse ou manterse nas condicións que este real decreto lei ou as súas normas de desenvolvemento establecen para a concesión das medidas de apoio, coa finalidade de obter a aplicación destas medidas.

Disposición adicional sétima. *Transferencia de fondos.*

Mediante acordo do Consello de Ministros, poderá determinarse a transferencia de crédito entre os fondos recollidos nos títulos I e II deste real decreto lei. Á citada transferencia de crédito non lle resultarán de aplicación as limitacións recollidas no artigo 52.1 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Disposición transitoria primeira. *Procedemento transitorio de xestión de expedientes entre o Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas e o Fondo de Recapitalización de empresas afectadas pola COVID.*

SEPI dará traslado á Cofides dos expedientes correspondentes a empresas que iniciasen o trámite de solicitude de apoio público temporal con cargo ao Fondo de Apoio á Solvencia de Empresas Estratéxicas con anterioridade á data de publicación deste real decreto lei no «Boletín Oficial del Estado» sen alcanzar os limiares mínimos de investimento por este Fondo e que soliciten apoio do Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID-19.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio de cobranza de avais.*

1. O disposto no artigo 16 será de aplicación a todas as operacións de financiamento formalizadas ao abeiro dos reais decretos leis 8/2020 e 25/2020 desde a entrada en vigor destes con independencia da data de formalización da operación.

2. O disposto no artigo 16.2 aplicarase ás reclamacións extraxudiciais e ao exercicio de accións xudiciais que se inicien a partir da súa entrada en vigor. Non obstante o anterior, se, executado o aval, se inicia procedemento administrativo de recadación para a cobranza dos importes impagados, deixarase sen efecto a providencia de constrinximento e exerceranse as accións conforme o disposto no artigo 16.2.

3. Así mesmo, o disposto no artigo 16.3, resultará de aplicación a todos os procedementos concursais con independencia da fase de tramitación en que se encontren.

4. Finalmente, o disposto no artigo 16.4 unicamente resultará de aplicación aos procedementos concursais en tramitación en que non se emitise o informe da administración concursal.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o artigo 8 do Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro, de medidas urxentes de apoio ao sector turístico, á hostalaría e ao comercio e en materia tributaria.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro.*

Engádese un número 31 ao artigo 45.I.B) do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, coa seguinte redacción:

«31. Cando exista garantía real inscritable, as escrituras de formalización da extensión dos prazos de vencemento das operacións de financiamento que recibiron aval público previstos no artigo 7 do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, de medidas extraordinarias de apoio á solvencia empresarial en resposta á pandemia da COVID-19, quedarán exentas da cota gradual de documentos notariais da modalidade de actos xurídicos documentados deste imposto.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores.*

Modifícase o Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do mercado de valores, nos seguintes termos:

Un. Engádese un novo artigo 240 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 240 bis.

A CNMV poderá someter a autorización ou outras modalidades de control administrativo, incluída a introdución de advertencias sobre riscos e características, a publicidade de criptoactivos ou outros activos e instrumentos presentados como obxecto de investimento, cunha difusión publicitaria comparable, aínda que non se trate de actividades ou produtos previstos nesta lei. A CNMV desenvolverá mediante circular, entre outras cuestións, o ámbito subxectivo e obxectivo e as modalidades concretas de control a que quedarán suxeitas as ditas actividades publicitarias.

Para estes efectos, resultará de aplicación o disposto no segundo parágrafo do artigo 240 desta lei.»

Dous. Modifícase o ordinal cuarto do artigo 292, coa seguinte redacción:

«4. A realización de publicidade con infracción do artigo 240 e 240 bis ou das súas normas de desenvolvemento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Modifícase o número 2 do artigo 29 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, que queda redactado do seguinte modo:

«2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 100.000 millóns de euros, até o 31 de

decembro de 2021. As condicións aplicables e requisitos que hai que cumprir, incluíndo o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse por acordo do Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19.*

O artigo 39 do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19, queda redactado do seguinte modo:

«1. Os beneficiarios de concesións de préstamos a proxectos industriais outorgados pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa poderán solicitar modificacións do seu cadro de amortización durante o prazo de dous anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo; sempre e cando a crise sanitaria producida pola COVID-19 provocase períodos de inactividade do beneficiario, redución no volume das súas vendas ou interrupcións na subministración na cadea de valor.

Esta solicitude, que deberá presentarse ao menos dous meses antes do primeiro vencemento do préstamo que se quere modificar, será resolta de forma expresa polo órgano que ditou a resolución de concesión. O prazo para a resolución será de 6 meses desde a presentación da solicitude. Se, transcorrido o dito prazo, o órgano competente para resolver non notifica a dita resolución, os interesados estarán lexitimados para entender desestimada a solicitude.

2. A solicitude presentada deberá incorporar:

a) Unha memoria xustificativa en que se motive adecuadamente a dificultade de atender o calendario de pagamentos vixente de acordo co establecido no punto anterior. Esta xustificación deberá incluír un balance e conta de perdas e ganancias provisionais xusto antes de que se producise a situación a que se refire o número 1, unha explicación cualitativa e cuantitativa de como se produciu esta afectación, a súa valoración económica e financeira, así como un plan de actuación para paliar eses efectos.

b) No caso de que o prazo de realización dos investimentos non finalizase, deberá incluírse unha memoria técnica e económica xustificativa dos investimentos realizados con cargo ao préstamo até ese momento e desagregado por partidas. Incluírse unha táboa cos datos dos investimentos e gastos executados (facturas e pagamentos), así como dos compromisos de gasto realizados, todo isto debidamente acreditado.

c) Unha declaración responsable de que a empresa está ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de que non ten débedas por reintegros de axudas ou préstamos coa Administración, e de que cumpriu coas súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil ou ante o correspondente Rexistro de Cooperativas.

d) O detalle da modificación do cadro solicitada.

3. Non poderán autorizarse modificacións do calendario nos seguintes casos:

a) Que non exista unha afectación suficientemente acreditada que xustifique esa modificación.

b) Que a empresa non estea ao día das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

c) Que a empresa teña débedas por reintegro de axudas ou débedas por reembolso de préstamos coa Administración.

d) Que a empresa non teña cumpridas as súas obrigacións de presentación de contas ante o Rexistro Mercantil ou ante o correspondente Rexistro de Cooperativas.

e) Que o vencemento de débeda sexa consecuencia dun reintegro por incumprimento ou renuncia.

f) Que, no caso de proxectos que se encontren dentro do prazo de xustificación de investimentos, non exista un grao de avance suficiente e que non garanta o cumprimento dos obxectivos comprometidos na resolución de concesión.

4. As modificacións do cadro de amortización poderán consistir en:

a) Aumento do prazo máximo de amortización.

b) Aumento do prazo máximo de carencia, se aínda non se produciu vencemento dalgunha cota de principal.

c) Outras modificacións que cumpran co establecido no punto 5 deste artigo.

5. As modificacións que se concedan realizaranse de forma que se respecten os mesmos niveis máximos de intensidade de axuda e os mesmos niveis de risco que no momento da concesión. A axuda equivalente calcularase no momento da concesión da modificación do cadro de amortización. Para isto poderán realizarse modificacións do tipo de xuro e/ou das garantías asociadas aos préstamos.

Unha vez estudada a solicitude, notificarase unha proposta de modificación do calendario de reembolso para que, no prazo de dez días hábiles, o solicitante acepte a proposta ou presente as alegacións que xulgue oportunas. No caso de que se presenten alegacións, notificarase unha segunda e definitiva proposta de modificación de calendario de reembolsos, a cal só poderá ser aceptada ou rexeitada, sen prexuízo de que o beneficiario poida presentar unha nova solicitude de refinanciamento.

6. Durante o prazo de dous anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e sempre que se finalizase a verificación técnico-económica do proxecto, permitirase a subrogación dunha entidade de crédito na obrigación de devolución do préstamo por parte do beneficiario. Naqueles préstamos con tipo de xuro, poderase diminuír o tipo de xuro que asumirá a entidade de crédito, respectando o tipo de xuro mínimo exigible para os préstamos outorgados polo Estado, fixado na correspondente lei de orzamentos xerais do Estado.

7. Os programas a que se aplica esta medida son os programas da SXIPEME de reindustrialización, competitividade de sectores estratéxicos industriais, competitividade do sector automoción, reindustrialización e fortalecemento da competitividade industrial, industria conectada 4.0 e I+D+i no ámbito da industria manufacturera.

8. Quedan suspendidos polo prazo de dous anos e medio contados desde a entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, os artigos das ordes de bases e das convocatorias, en virtude das cales se outorgaron os préstamos afectados por esta medida, en todo o que contradigan o disposto neste artigo.

9. A presentación dunha solicitude de refinanciamento non supón a suspensión dos vencementos dos préstamos. Se se produce o vencemento dalgunha cota antes de dítarse a resolución de modificación do calendario de reembolsos, esta seguirá o procedemento recadatorio habitual establecido.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal.*

Modifícase a letra j) do número 2 da disposición derogatoria única do Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal, que queda redactada nos seguintes termos:

«j) Artigo 21; artigo 31; disposición transitoria da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego.*

Modifícase o Real decreto lei 25/2020, do 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego, nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderá conceder avais por un importe máximo de 40.000 millóns de euros, até o 31 de decembro de 2021. As condicións aplicables e requisitos que hai que cumprir, incluíndo o prazo máximo para a solicitude do aval, estableceranse mediante acordo do Consello de Ministros, sen que se requira desenvolvemento normativo posterior para a súa aplicación.»

Dous. O primeiro parágrafo do número 3 do artigo 2 queda redactado como segue:

«3. A dotación do Fondo ascende a 10.000 millóns de euros. Integranse no Tesouro Público o importe dos dividendos, xuros, plusvalías e calquera outra remuneración que resulte dos investimentos ou operacións que se realicen, da participación, se for o caso, de empregados públicos nos órganos de administración das empresas solicitantes, así como os resultados dos desinvestimentos e reembolsos efectuados, minorándose polas minusvalías e gastos.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza.*

Modifícase a Lei 3/2020, do 18 de setembro, de medidas procesuais e organizativas para facer fronte á COVID-19 no ámbito da Administración de xustiza, nos seguintes termos:

Un. O artigo 3 queda redactado como segue:

«Artigo 3. *Modificación do convenio concursal.*

1. Até o 31 de decembro de 2021 inclusive, o concursado poderá presentar proposta de modificación do convenio que se encontre en período de cumprimento. Á solicitude deberá xuntarse unha relación dos créditos concursais que estivesen pendentes de pagamento e daqueles que, tendo sido contraídos durante o período de cumprimento do convenio, non fosen satisfeitos, un plan de viabilidade e un plan de pagamentos.

A proposta de modificación tramitarase conforme as mesmas normas establecidas para a aprobación do convenio orixinario, ben que a tramitación será escrita calquera que sexa o número de acredores. As maiorías do pasivo exixibles para a aceptación da proposta de modificación serán as mesmas que as exixidas para a aceptación da proposta do convenio orixinario, calquera que sexa o contido da modificación. En ningún caso a modificación afectará os créditos devindicados ou contraídos durante o período de cumprimento do convenio orixinario nin os acredores privilexiados a que se estendese a eficacia do convenio ou se adherisen a el unha vez aprobado, a menos que voten a favor ou se adhiran expresamente á proposta de modificación.

2. O xuíz dará traslado ao concursado de cantas solicitudes de declaración do incumprimento do convenio presenten os acredores entre o 31 de outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021, pero non as admitirá a trámite até que transcorran tres meses contados desde a última data indicada. Durante eses tres meses o concursado poderá presentar proposta de modificación do convenio, que se tramitará con prioridade á solicitude de declaración de incumprimento.

3. Así mesmo, o xuíz dará traslado ao concursado de cantas solicitudes de declaración do incumprimento do convenio presenten os acredores entre o 31 de xaneiro e o 30 de setembro de 2021, pero non as admitirá a trámite até que transcorran tres meses contados desde a última data indicada. Durante eses tres meses o concursado poderá presentar proposta de modificación do convenio, que se tramitará con prioridade á solicitude de declaración de incumprimento.

4. No suposto de que entre o 31 de xaneiro de 2021 e a entrada en vigor do presente real decreto lei os acredores presentasen solicitudes de declaración de incumprimento do convenio e estas fosen admitidas a trámite, suspenderase a tramitación do procedemento, até que transcorra un prazo de tres meses contados desde o 30 de setembro de 2021. Se durante eses tres meses o concursado presenta unha proposta de modificación do convenio, o xuíz arquivará o procedemento de solicitude de incumprimento admitido a trámite e tramitará con prioridade a proposta de modificación do convenio.

5. As mesmas regras serán de aplicación aos acordos extraxudiciais de pagamento.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 4 nos seguintes termos:

«1. Até o 31 de decembro de 2021, incluído, o debedor non terá o deber de solicitar a liquidación da masa activa cando coñeza a imposibilidade de cumprir cos pagamentos comprometidos ou as obrigacións contraídas con posterioridade á aprobación do convenio concursal, sempre que o debedor presente unha proposta de modificación do convenio e esta se admita a trámite dentro do dito prazo. A proposta de modificación do convenio tramitarase conforme o establecido no artigo 3.1.»

Tres. O artigo 5 queda redactado como segue:

«Artigo 5. *Acordos de refinanciamento.*

1. Até o 31 de decembro de 2021, incluído, o debedor que tivese homologado un acordo de refinanciamento poderá modificar o acordo que tivese en vigor ou alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano da anterior homologación, segundo o disposto no artigo 617 do Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal.

2. O xuíz dará traslado ao debedor de cantas solicitudes de declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento presenten os acredores entre o 31 outubro de 2020 e o 31 de xaneiro de 2021, pero non as admitirá a trámite até que transcorra un mes contado desde a última data indicada. Durante ese mes o debedor poderá pór en coñecemento do xulgado competente para a declaración de concurso que iniciou ou pretende iniciar negociacións con acredores para modificar o acordo que tivese en vigor homologado ou para alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano desde a anterior solicitude de homologación. Se dentro dos tres meses seguintes á comunicación ao xulgado, o debedor non alcanza un acordo de modificación do que teña en vigor ou outro novo, o xuíz admitirá a trámite as solicitudes de declaración de incumprimento presentadas polos acredores.

3. O xuíz dará traslado ao debedor de cantas solicitudes de declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento presenten os acredores entre o 31 de xaneiro e o 30 de setembro de 2021, pero non as admitirá a trámite até que transcorra un mes contado desde a última data indicada. Durante ese mes o debedor poderá pór en coñecemento do xulgado competente para a declaración de concurso que iniciou ou pretende iniciar negociacións con acredores para modificar o acordo que teña en vigor homologado ou para alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano desde a anterior solicitude de homologación. Se dentro dos tres meses seguintes á comunicación ao xulgado o debedor non alcanza un acordo de

modificación do que teña en vigor ou outro novo, o xuíz admitirá a trámite as solicitudes de declaración de incumprimento presentadas polos acredores.

No suposto de que entre o 31 de xaneiro de 2021 e a entrada en vigor do presente real decreto lei se presentasen solicitudes de declaración de incumprimento do acordo de refinanciamento e estas fosen admitidas a trámite, suspenderase a tramitación do procedemento. No prazo dun mes desde o 30 de setembro de 2021, o debedor poderá pór en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou ou pretende iniciar negociacións con acredores para modificar o acordo que tivese en vigor homologado ou para alcanzar outro novo, aínda que non transcorrese un ano desde a anterior solicitude de homologación. Se dentro dos tres meses seguintes á comunicación ao xulgado o debedor non alcanza un acordo de modificación do que teña en vigor ou outro novo, o xuíz levantará a suspensión das solicitudes de declaración de incumprimento presentadas polos acredores.»

Catro. Os números 1 e 2 do artigo 6 quedan redactados como segue:

«1. Até o 31 de decembro de 2021, incluído, o debedor que se encontre en estado de insolvencia non terá o deber de solicitar a declaración de concurso, comunicase ou non comunicase ao xulgado competente a apertura de negociacións cos acredores para alcanzar un acordo de refinanciamento, un acordo extraxudicial de pagamentos ou adhesións a unha proposta anticipada de convenio. O cómputo do prazo de dous meses para solicitar a declaración do concurso previsto no artigo 5.1 do texto refundido da Lei concursal comezará a contar o día seguinte á dita data.

2. Até o 31 de decembro de 2021, incluído, os xuíces non admitirán a trámite as solicitudes de concurso necesario que se presentasen desde o 14 de marzo de 2020. Se até o 31 de decembro de 2021, incluído, o debedor presentou solicitude de concurso voluntario, esta admitirase a trámite con preferencia, aínda que sexa de data posterior á solicitude de concurso necesario.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 8 bis, que queda redactado como segue:

«Artigo 8 bis. *Incidentes de reintegración da masa activa.*

1. Até o 31 de decembro de 2021 nos incidentes que se incoen para resolver as demandas de reintegración da masa activa non será necesaria a celebración de vista, salvo que o xuíz do concurso resolva outra cosa.

2. A falta de contestación á demanda por calquera dos demandados considerarase achantamento, salvo que se trate de acredores de dereito público.

3. Os medios de proba de que intenten valerse as partes deberanse xuntar necesariamente á demanda incidental de impugnación e ás contestacións que se presenten.»

Seis. O artigo 9 queda redactado como segue:

«Artigo 9. *Tramitación preferente.*

Até o 31 de decembro de 2021, incluído, tramitaranse, con carácter preferente:

- a) Os incidentes concursais en materia laboral.
- b) As actuacións orientadas ao achantamento de unidades produtivas ou á venda en globo dos elementos do activo.
- c) As propostas de convenio ou de modificación dos que estean en período de cumprimento, así como os incidentes de oposición á aprobación xudicial do convenio.
- d) Os incidentes concursais en materia de reintegración da masa activa.
- e) A admisión a trámite da solicitude de homologación dun acordo de refinanciamento ou da modificación do que estea vixente.



f) A adopción de medidas cautelares e, en xeral, calquera outra que, a xuízo do xuíz do concurso, poida contribuír ao mantemento e conservación dos bens e dereitos.

g) O concurso consecutivo dunha persoa natural en insolvencia actual, que careza de masa activa e da posibilidade de presentar un plan de pagamentos, instado por mediador, en que conste lista de acredores provisional, cualificación fortuíta e solicitude do beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito, xunto con declaración responsable por parte do debedor en que manifieste que non dispón de ningún activo.

h) O beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito.»

Sete. O artigo 10 queda redactado como segue:

«Artigo 10. *Alleamento da masa activa.*

1. Nos concursos de acredores que se declaren até o 31 de decembro de 2021 e nos que se encontren en tramitación na data de entrada en vigor da presente lei, a poxa de bens e dereitos da masa activa poderá realizarse ben mediante poxa, xudicial ou extraxudicial, ben mediante calquera outro modo de realización autorizado polo xuíz de entre os previstos no Real decreto lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o texto refundido da Lei concursal. Excepcionalmente, e durante o mesmo período, aínda que no plan de liquidación aprobado xudicialmente se previse unha determinada modalidade de poxa extraxudicial, esta poderá realizarse conforme calquera outra modalidade, incluída a que se realice a través de empresa especializada, sen necesidade de modificar o plan nin de solicitar a autorización expresa do xuíz do concurso. En todo caso, esta substitución farase constar no correspondente informe trimestral.

2. Con carácter preferente e sempre que sexa posible, a poxa realizarase de maneira telemática.

3. Se o xuíz, en calquera estado do concurso, autoriza a realización directa dos bens e dereitos afectos a privilexio especial ou a dación en pagamento ou para pagamento dos ditos bens, observaranse os termos da autorización.»

Oito. Modifícase o artigo 12 nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Axilización da tramitación do acordo extraxudicial de pagamentos, concurso consecutivo e beneficio de exoneración do pasivo insatisfeito.*

Até o 31 de decembro de 2021, incluído, considerarase que o acordo extraxudicial de pagamentos foi intentado polo debedor sen éxito se se acredita que se produciron dúas faltas de aceptación do mediador concursal para ser designado, para os efectos de iniciar concurso consecutivo, e comunicarse ao xulgado.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria.*

Modifícase a letra a) do número 1 do artigo 3 do Real decreto lei 34/2020, do 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, coa seguinte redacción:

«1. Excepcionalmente, durante o ano 2021, ás sociedades de capital previstas no artigo 1 do Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aplicaráselles as seguintes medidas:

a) No caso das sociedades anónimas, aínda que os estatutos non o previsen, o consello de administración poderá prever na convocatoria da xunta xeral a

asistencia por medios telemáticos e o voto a distancia nos termos previstos nos artigos 182 e 189 do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e no artigo 521 do mesmo texto legal, no caso das sociedades anónimas cotizadas, así como a celebración da xunta en calquera lugar do territorio nacional. Ademais, o órgano de administración poderá acordar no anuncio de convocatoria a realización da xunta por vía exclusivamente telemática, isto é, sen asistencia física dos socios ou dos seus representantes, sempre que se acompañe de garantías razoables para asegurar a identidade do suxeito que exerce o seu dereito de voto e se ofrezca a posibilidade de participar na reunión por todas e cada unha destas vías: (i) asistencia telemática; (ii) representación conferida ao presidente da xunta por medios de comunicación a distancia e (iii) voto anticipado a través de medios de comunicación a distancia. Os administradores poderán asistir á reunión, que se considerará celebrada no domicilio social con independencia de onde se atope o presidente da xunta, por audioconferencia ou videoconferencia.»

Disposición derradeira novena. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup>, 13.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais; a lexislación mercantil, procesual e civil; o réxime alfandegueiro e arancelario; comercio exterior; bases da ordenación do crédito, banca e seguros; bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e de facenda xeral.

Disposición derradeira décima. *Desenvolvemento regulamentario e habilitación normativa.*

Habilitase o Goberno para aprobar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, aplicación e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira décimo primeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de marzo de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

## ANEXO I

CNAE-2009	Descrición actividade
0710	Extracción de minerais de ferro.
1052	Elaboración de xeados.
1083	Elaboración de café, té e infusións.
1101	Destilación, rectificación e mestura de bebidas alcohólicas.
1103	Elaboración de sidra e outras bebidas fermentadas a partir de froitas.
1413	Confección doutras pezas de roupa exteriores.
1419	Confección doutras pezas de roupa e accesorios.
1420	Fabricación de artigos de peletaría.
1439	Confección doutras pezas de roupa de punto.
1811	Artes gráficas e servizos relacionados con elas.
1812	Otras actividades de impresión e artes gráficas.
1813	Servizos de pre-impresión e preparación de soportes.
1814	Encadernación e servizos relacionados con ela.
1820	Reproducción de soportes gravados.
2051	Fabricación de explosivos.
2441	Producción de metais preciosos.
2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico.
2731	Fabricación de cables de fibra óptica.
3212	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares.
3213	Fabricación de artigos de bixería e artigos similares.
3316	Reparación e mantemento aeronáutico e espacial.
3530	Subministración de vapor e aire acondicionado.
4616	Intermediarios do comercio de téxtiles, pezas de roupa, peletaría, calzado e artigos de coiro.
4617	Intermediarios do comercio de produtos alimenticios, bebidas e tabaco.
4624	Comercio por xunto de coiros e peles.
4634	Comercio por xunto de bebidas.
4636	Comercio por xunto de azucre, chocolate e confeitaría.
4637	Comercio por xunto de café, té, cacao e especias.
4638	Comercio por xunto de peixes e mariscos e outros produtos alimenticios.
4639	Comercio por xunto, non especializado, de produtos alimenticios, bebidas e tabaco.
4644	Comercio por xunto de porcelana, cristalaría e artigos de limpeza.
4648	Comercio por xunto de artigos de relaxaría e xoiaría.
4719	Outro comercio ao retallo en establecementos non especializados.

CNAE-2009	Descrición actividade
4724	Comercio ao retallo de pan e produtos de panadería, confeitaría e pastelería en establecementos especializados.
4725	Comercio ao retallo de bebidas en establecementos especializados.
4741	Comercio ao retallo de ordenadores, equipamentos periféricos e programas informáticos en establecementos especializados.
4751	Comercio ao retallo de téxtiles en establecementos especializados.
4762	Comercio ao retallo de xornais e artigos de papelaría en establecementos especializados.
4771	Comercio ao retallo de pezas de roupa en establecementos especializados.
4772	Comercio ao retallo de calzado e artigos de coiro en establecementos especializados.
4777	Comercio ao retallo de artigos de relaxaría e xoiaría en establecementos especializados.
4782	Comercio ao retallo de produtos téxtiles, pezas de roupa e calzado en postos de venda e en feiras.
4789	Comercio ao retallo doutros produtos en postos de venda e en feiras.
4799	Outro comercio ao retallo non realizado nin en establecementos nin en postos de venda nin en feiras.
4931	Transporte terrestre urbano e suburbano de pasaxeiros.
4932	Transporte por taxi.
4939	Tipos de transporte terrestre de pasaxeiros n.c.n.
5010	Transporte marítimo de pasaxeiros.
5030	Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores.
5110	Transporte aéreo de pasaxeiros.
5221	Actividades anexas ao transporte terrestre.
5222	Actividades anexas ao transporte marítimo e por vías navegables interiores.
5223	Actividades anexas ao transporte aéreo.
5510	Hoteis e aloxamentos similares.
5520	Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada.
5530	Cámpings e aparcadoiros para caravanas.
5590	Outros aloxamentos.
5610	Restaurantes e postos de comidas.
5621	Provisión de comidas preparadas para eventos.
5629	Outros servizos de comidas.
5630	Establecementos de bebidas.
5813	Edición de xornais.
5914	Actividades de exhibición cinematográfica.
7420	Actividades de fotografía.
7711	Alugamento de automóbiles e vehículos de motor lixeiros.

CNAE-2009	Descrición actividade
7712	Alugamento de camións.
7721	Alugamento de artigos de lecer e deportivos.
7722	Alugamento de cintas de vídeo e discos.
7729	Alugamento doutros efectos persoais e artigos de uso doméstico.
7733	Alugamento de maquinaria e equipamento de oficina, incluídos ordenadores.
7734	Alugamento de medios de navegación.
7735	Alugamento de medios de transporte aéreo.
7739	Alugamento doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles n.c.n.
7911	Actividades das axencias de viaxes.
7912	Actividades dos operadores turísticos.
7990	Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles.
8219	Actividades de fotocopiado, preparación de documentos e outras actividades especializadas de oficina.
8230	Organización de convencións e feiras de mostras.
8299	Outras actividades de apoio ás empresas.
9001	Artes escénicas.
9002	Actividades auxiliares ás artes escénicas.
9004	Xestión de salas de espectáculos.
9102	Actividades de museos.
9103	Xestión de lugares e edificios históricos.
9104	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais.
9200	Actividades de xogos de azar e apostas.
9311	Xestión de instalacións deportivas.
9313	Actividades dos ximnasios.
9319	Outras actividades deportivas.
9321	Actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.
9329	Outras actividades recreativas e de entretemento.
9523	Reparación de calzado e artigos de coiro.
9525	Reparación de reloxos e xoiaría.
9601	Lavado e limpeza de pezas téxtiles e de pel.
9604	Actividades de mantemento físico.

## ANEXO II

## Fondo de Recapitalización de Empresas Afectadas pola COVID

N.º contas	Balance - Activo	Orzamento miles de EUR - 2021
	A) Activo non corrente	250.000
	I. Investimentos financeiros a longo prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
2400, (2930)	1. Investimentos financeiros en patrimonio de entidades de dereito público	
2401, 2402, 2403, (248), (2931)	2. Investimentos financeiros en patrimonio de sociedades mercantís	
241, 242, 245, (294), (295)	3. Créditos e valores representativos de débeda	
246, 247	4. Outros investimentos	
	II. Investimentos financeiros a longo prazo	250.000
250, (259), (296)	1. Investimentos financeiros en patrimonio	
251, 252, 256, 257, (297), (298)	2. Créditos e valores representativos de débeda	250.000
253	3. Derivados financeiros	
258, 26	4. Outros investimentos financeiros	
	B) Activo corrente	746.164
	I. Debedores e outras contas a cobrar	
460, (4900)	1. Debedores por actividade principal	
469, (4901), 555, 558	2. Outras contas a cobrar	
47	3. Administracións públicas	
	II. Investimentos financeiros a curto prazo en entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
530, (539), (593)	1. Investimentos financeiros en patrimonio de sociedades mercantís	
531, 532, 535, (594), (595)	2. Créditos e valores representativos de débeda	
536, 537, 538	3. Outros investimentos	
	III. Investimentos financeiros a curto prazo	281
540, (549), (596)	1. Investimentos financeiros en patrimonio	
541, 542, 546, 547, (597), (598)	2. Créditos e valores representativos de débeda	281
543	3. Derivados financeiros	
545, 548, 565, 566	4. Outros investimentos financeiros	
480, 567	IV. Axustes por periodificación	
577	V. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	745.883
570, 571	1. Outros activos líquidos equivalentes	
	2. Tesouraría	745.883
	Total activo (A+B)	996.165

N.º contas	Balance - Patrimonio neto e pasivo	Orzamento miles de EUR - 2021
100	A) Patrimonio neto	992.165
	I. Patrimonio achegado	1.000.000
	II. Patrimonio xerado	-7.835
120	1. Resultados de exercicios anteriores	
129	2. Resultados do exercicio	-7.835
-557	3. Distribución de resultados á conta	
133	III. Axustes por cambio de valor	
133	1. Activos financeiros dispoñible para a venda	
134	2. Operacións de cobertura	
131, 132	IV. Outros incrementos patrimoniais pendentes de imputación a resultados	
	B) Pasivo non corrente	0
14	I. Provisións a longo prazo	
	II. Débedas a longo prazo	0
171, 172, 178, 18	1. Débedas a longo prazo	
176	2. Derivados financeiros	
16	III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a longo prazo	
	C) Pasivo corrente	4.000
58	I. Provisións a curto prazo	
	II. Débedas a curto prazo	0
521, 522, 528, 560, 561	1. Débedas a curto prazo	
526	2. Derivados financeiros	
51	III. Débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas a curto prazo	
	IV. Acredores e outras contas a pagar	4.000
420	1. Acredores por operacións derivadas da actividade	4.000
429, 554	2. Outras contas a pagar	
47	3. Administracións públicas	
485, 568	V. Axustes por periodificación	
	Total patrimonio neto e pasivo (A+B+C)	996.165

N.º contas	Orzamento de explotación - Conta do resultado económico patrimonial	Orzamento miles de EUR - 2021
	A) Total ingresos de xestión ordinaria (1+2+3)	0
	5. Outros gastos de xestión ordinaria	-8.117
-62	a) Subministracións e servizos exteriores	-8.117
-676	b) Outros	
	B) Total de gastos de xestión ordinaria (4+5)	-8.117
	I. Resultado (aforro ou desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	-8.117
	6. Outras partidas non ordinarias	
778	a) Ingresos	
-678	b) Gastos	
	II. Resultado das operacións non financeiras (1+6)	-8.117
	7. Ingresos financeiros	281
	a) De participacións en instrumentos de patrimonio	281
7630	a.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
760	a.2) Noutras entidades	281
	b) De valores negociables e de créditos do activo inmovilizado	
7631, 7632	b.1) En entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
761, 762, 769, 76454, (66454)	b.2) Outros	
	8. Gastos financeiros	0
	a) Por débedas con entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
	b) Outros	
	9. Variación do valor razoable en activos e pasivos financeiros	
	a) Derivados financeiros	
	b) Outros activos e pasivos a valor razoable con imputación en resultados	
	c) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros dispoñibles para a venda	
768, (668)	10. Diferenzas de cambio	
	11. Deterioración de valor, baixas e alleamentos de activos e pasivos financeiros	0
7960, 7961, 7965, 766, (6960), (6961),(6965)(666),7970,(6970),(6670)	a) De entidades do grupo, multigrupo e asociadas	
765, 7966, 7971, (665), (6671),	b) Outros	
	III. Resultado das operacións financeiras (7+8+9+10+11)	281
	IV. Resultado (aforro ou desaforro) neto do exercicio (11+111)	-7.835



Orzamento de capital - Estado de fluxos de efectivo	Orzamento miles de EUR - 2021
I. Fluxos de efectivo das actividades de xestión	
A) Cobramentos (+)	
1. Transferencias e subvencións recibidas	
2. Xuros e dividendos cobrados	
3. Outros cobramentos	
B) Pagamentos (-)	-4.117
4. Transferencias e subvencións concedidas	
5. Outros gastos de xestión	-4.117
6. Xuros pagados	
7. Outros pagamentos	
Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (A+B)	-4.117
II. Fluxos de efectivo das actividades de investimento	
C) Cobramentos (+)	
Venda de activos financeiros	
D) Pagamentos (-)	-250.000
Compra de activos financeiros	-250.000
Fluxos netos de efectivo por de investimento (C+D)	-250.000
III. Fluxos de efectivo das actividades de financiamento	
E) Aumentos no patrimonio (+)	1.000.000
1. Achegas da entidade en que se integra o fondo	1.000.000
Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (E+F+G+H)	1.000.000
IV. Fluxos de efectivo pendentes de clasificación	
I) Cobramentos pendentes de aplicación (+) J) Pagamentos pendentes de aplicación (-)	
Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación (1+J)	
V. Efecto das variacións dos tipos de cambio (+1-)	
VI. Incremento/diminución neta do efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo (1+11+111+1V+V)	745.883
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao inicio do exercicio	0
Efectivo e activos líquidos equivalentes ao efectivo ao final do exercicio	745.883